

MINISTERIO DE XUSTIZA

21264 *REAL DECRETO 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza. («BOE» 309, do 27-12-2005.)*

A promulgación da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, supón unha profunda transformación na organización da Administración de xustiza e na do persoal ao seu servizo.

Desde esta perspectiva pódese dicir que a devandita reforma, plasmada, para o que aquí interesa, na modificación do libro V da lei orgánica, debe implicar unha fonda transformación da oficina xudicial.

A reorganización da oficina xudicial resulta unha tarefa de indubidable complexidade debido, entre outras razóns, a que nesta realidade concorre un cúmulo de peculiaridades que a singularizan fronte a calquera outro órgano de xestión.

En primeiro lugar, a evolución das formas do traballo desempeñado nas oficinas xudiciais exige novas estruturas con mellor deseño organizativo, imprescindible non só pola progresiva incorporación de novas tecnoloxías a este ámbito, senón fundamentalmente co fin de lles prestar unha atención de calidade aos cidadáns.

En segundo lugar, as oficinas xudiciais non poden ser alleas á realidade do Estado autonómico, especialmente cando se produciu un intenso proceso de traspaso de funcións e servizos neste ámbito que obriga a unha detallada delimitación dos ámbitos competenciais das administracións implicadas na dotación de medios persoais e materiais ao servizo do poder xudicial.

Finalmente, a confluencia na oficina xudicial de varios ámbitos de decisión que recaen sobre unha única realidade demostrou con frecuencia ser fonte de conflitos, sen que as normas que agora se substitúen establecesen mecanismos oportunos de colaboración, coordinación e garantía que asegurasen a autonomía funcional e orgánica duns e outros centros de decisión.

O novo modelo de oficina xudicial arranca co propósito claro de que o seu funcionamento garanta a independencia do poder a que serve, conxugando ao mesmo tempo, e sen menoscabo do anterior, unha adecuada racionalización dos medios que utiliza. Co fin de harmonizar estes obxectivos, no plano exclusivamente organizativo defínese a oficina xudicial como a organización de carácter instrumental que de forma exclusiva lle presta soporte e apoio á actividade xurisdiccional. Pola súa singularidade recóllese expresamente a necesaria reserva de función, de xeito que só os funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza poderán desempeñar os postos de traballo de que está dotada a oficina xudicial.

No seu deseño optouse por un sistema flexible que permita que cada oficina xudicial se adapte a calquera tipo de necesidades da Administración de xustiza, sendo o criterio diferenciador que permite singularizala doutras organizacións administrativas o feito de que a súa actividade está rexida principalmente por normas procesuais.

Con estas características, a oficina xudicial, como xénero, comprende como especies tanto as unidades procesuais de apoio directo como os servizos comúns procesuais. As primeiras asumirán a tarefa de asistiren

dun xeito próximo os xuíces e tribunais no exercicio das funcións que lles son propias. Pola súa banda, os servizos comúns procesuais son obxecto dunha especial regulación que enche o baleiro legal existente ata o momento, que fomenta o seu desenvolvemento e especialización e que establece un sistema garantidor dun mellor goberno, particularmente naqueles casos en que, pola súa complexidade ou tamaño, resulta imprescindible a existencia de niveis intermedios. A todo isto engádeselle, como elemento decisivo e desexable para o bo funcionamento do sistema, a creación de servizos comúns procesuais que asuman a ordenación do procedemento.

Así, preténdese ante todo racionalizar e actualizar os medios persoais e materiais para unha mellor e máis rápida administración da xustiza.

Este contexto organizativo debe verse acompañado coa reforma funcional dos corpos de funcionarios que prestan servizos dentro da Administración de xustiza. Deste xeito, a figura do secretario xudicial, regulada no libro V da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, convértese nunha das claves da actual reforma. Non só se definen con maior precisión as súas funcións, senón que tamén se lle atribúen outras, potenciando así as súas capacidades profesionais. Asume, ademais, responsabilidades no que se refire á coordinación coas administracións públicas con competencias en materia de xustiza.

O libro VI da mesma lei orgánica regula basicamente o estatuto xurídico dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza. A regulación tradúcese nunha ampla modificación funcional e dos requisitos para o acceso e provisión dos postos de traballo que sexa acorde co novo modelo de xestión pública dos servizos da Administración de xustiza.

A configuración do estatuto dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza sofre así un importante cambio na súa conformación. A delimitación dun estrato directivo na oficina xudicial, a aposta por un sistema numericamente significativo de promoción interna, a profesionalización da función e mais a potencial introdución de elementos retributivos que valoren a produtividade e o exercicio efectivo da función configuran un panorama no cal a carreira e as expectativas profesionais dos funcionarios comezan a ter un perfil diferente ao tradicional e no cal se xeran expectativas profesionais na carreira destes funcionarios, aspecto este que constitúe un dos elementos centrais de calquera sistema de organización do emprego público e no cal as normas futuras deben profundar.

A partir deste esquema xeral, o regulamento analiza o desenvolvemento do proceso selectivo, e establece as regras para a confección da oferta pública de emprego e mais a participación que nela deben ter as comunidades autónomas con vistas a conseguir un conxunto harmónico que satisfaga as necesidades de todos cantos interveñen neste ámbito.

Alén deste esquema determínanse os procedementos selectivos, nos cales os sistemas comúns son a oposición e o concurso-oposición, aínda que a utilización deste segundo sistema se configura cun carácter excepcional para a quenda libre.

Desde unha perspectiva orgánica establécese a creación dunha Comisión de Selección de Persoal, con carácter de órgano da Administración e coa función de establecer unha homologación dos elementos que, con carácter común, compoñen os procesos selectivos, tales como programas, temarios, bases das convocatorias, etc.

Este ámbito organizativo complétase coa regulación dos tribunais, que son os que xulgan, xa no plano con-

creto, as distintas probas selectivas. Establécese o seu funcionamento desde un tribunal único que exerce as súas competencias no seo das comunidades autónomas con traspasos recibidos en materia de xustiza, mediante a creación de tribunais delegados.

O regulamento regula o réxime e contido das convocatorias e das solicitudes de participación nos procesos selectivos, o réxime de admitidos e excluídos para participar nelas, as regras formais de realización dos exercicios, a relación de aprobados e a forma de presentar a documentación correspondente, así como tamén o período de prácticas e mais o curso selectivo. Inclúese, así mesmo, o réxime xurídico dos funcionarios en prácticas.

A regulación inclúe unha referencia á forma de nomeamento dos funcionarios interinos, o réxime de prestación de servizos e o de cesamento.

En sintonía cos diversos acordos que o Ministerio de Xustiza e as centrais sindicais presentes na Mesa Sectorial veñen adoptando, establécese unha regulación da promoción interna como forma de acceso aos corpos superiores en titulación ou aos de distinta especialidade, dentro do mesmo nivel de titulación. Detállanse as características das probas e mais as liñas xerais e méritos que se incluírán na fase de concurso.

O segundo dos grandes bloques temáticos é o relativo á provisión de postos de traballo. O esquema do regulamento consiste en diferenciar os sistemas de provisión en situacións de normalidade, que son o concurso e a libre designación, sendo este segundo sistema de carácter excepcional fronte ao primeiro e só para os postos que nas respectivas relacións de postos de traballo aparezan expresamente identificados para a súa provisión deste xeito; das situacións que son consecuencia dos procesos de reorganización e cambios organizativos que necesariamente concorren en todas as administracións, e especialmente nun proceso tan dinámico como debe ser o da transformación que introduce a nova configuración dos servizos que se plasma na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. Neste ámbito inclúense a redistribución e reordenación de efectivos e mais a reasignación forzosa.

O desenvolvemento dos sistemas previstos determina as condicións en que se pode aplicar cada un dos sistemas e a forma operativa de levalos a cabo, e inclúe unha mención específica aos méritos e circunstancias que se deben dar para a aplicación respectiva dos sistemas previstos. Determínanse as regras para o reingreso no servizo activo dos funcionarios que estean prestando servizos noutro corpo e para o dos suspensos e rehabilitados.

En síntese, trátase de dotar os xestores da Administración de xustiza dun conxunto de instrumentos e mecanismos que son comúns na xestión pública de recursos humanos e que deben permitir a transformación de tal xestión neste ámbito sectorial. Este impulso normativo é acorde co que demanda a transformación imposta na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e coa necesidade de culminar a reforma da prestación do servizo público da xustiza en condicións de maior eficacia e eficiencia, e con respecto e con interacción cooperativa coas distintas instancias territoriais e corporativas que interveñen na xestión de tal servizo, esencial nun Estado democrático.

Na elaboración desta disposición cumpríuse o trámite de audiencia a que se refire o artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e emitíronse informes o Consello Xeral do Poder Xudicial, as comunidades autónomas con traspasos recibidos e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e tras deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de decembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.*

Apróbase o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Negociación coas organizacións sindicais.*

Os plans de recursos humanos e os sistemas e desdó dos procesos de ingreso, promoción e provisión de postos de traballo serán obxecto de negociación coas organizacións sindicais nos termos establecidos na Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, sen prexuízo do previsto no seu artigo 34.

Disposición adicional segunda. *Nomeamento da Comisión de Selección de Persoal.*

No prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor do regulamento que se aproba por medio deste real decreto, o ministro de Xustiza procederá ao nomeamento da Comisión de Selección de Persoal.

Disposición transitoria primeira. *Proceso de acoplamento dos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza.*

Unha vez aprobadas as relacións iniciais de postos de traballo de cada centro de destino polo Ministerio de Xustiza e polas comunidades autónomas con traspasos recibidos, procederase ao acoplamento dos funcionarios con destino definitivo nos devanditos centros no ámbito territorial respectivo, proceso que consistirá:

- a) Na confirmación dos funcionarios nos postos de traballo que viñesen desempeñando.
- b) Na reordenación ou redistribución de efectivos en supostos de amortización, supresión ou recualificación de postos, consonte os procedementos establecidos nos artigos 64, 65, 66 e 67 deste regulamento.
- c) Na convocatoria de concursos específicos para aqueles postos de traballo que deban cubrirse por este sistema, no cal, e só por unha vez, poderán participar en exclusiva os funcionarios destinados no ámbito territorial do órgano convocante.
- d) Na convocatoria de procedementos de libre designación para aqueles postos que se teñan que cubrir por este sistema.

Disposición transitoria segunda. *Comisións de servizo.*

Con carácter xeral, e entremetres non finalizasen na súa totalidade os procesos de acoplamento, non se

outorgarán comisións de servizo fóra do ámbito territorial do órgano competente para a súa concesión, nin se concederán reingresos provisionais.

Disposición transitoria terceira. *Concursos de traslados.*

Os concursos de traslados para a cobertura de postos xenéricos que se convocasen con anterioridade á entrada en vigor do regulamento que se aproba por medio deste real decreto rexeranse pola normativa anterior, que para tal efecto manterá a súa vixencia.

Aos funcionarios que obtivesen destino definitivo nos citados concursos seralles aplicable, para volveren concursar, o período mínimo establecido no artigo 529 da Lei orgánica 6/1986, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio de promoción interna.*

1. Excepcionalmente e só nas dúas primeiras convocatorias que se fagan públicas a partir da entrada en vigor do regulamento que se aproba por medio deste real decreto, os funcionarios dos corpos de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial que non posúan a titulación establecida no artigo 475 a) da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, poderán participar nos procesos selectivos de promoción interna para acceso aos corpos de xestión procesual e administrativa e de tramitación procesual e administrativa, respectivamente, mediante o sistema de concurso-oposición que se regula no artigo 32 do regulamento que se aproba por medio deste real decreto.

Os requisitos para participar nestes procesos selectivos serán os establecidos con carácter xeral, con excepción da titulación. A antigüidade requirida nos corpos de orixe será de cinco anos.

Os funcionarios que superen estes procesos selectivos integraranse nas escalas a extinguir dos corpos de xestión procesual e administrativa e de tramitación procesual e administrativa, respectivamente.

2. Así mesmo, seralles aplicable o disposto no punto anterior aos funcionarios do corpo de axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e mais aos funcionarios da escala de axentes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses a extinguir que non posúan a titulación establecida no artigo 475 b) da referida lei orgánica, para o acceso por promoción interna aos corpos de técnicos especialistas e mais de axudantes de laboratorio, respectivamente, do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Os funcionarios que superen estes procesos selectivos integraranse nas escalas a extinguir dos corpos de técnicos especialistas e de axudantes de laboratorio do referido instituto.

Disposición transitoria quinta. *Réxime transitorio para concursos de postos xenéricos.*

Mentres non finalizasen na súa totalidade os procesos de acoplamento, o concurso de traslados de ámbito estatal e de carácter anual poderase convocar na data que resulte máis apropiada, sen que rexa a obrigatoriedade de convocalo dentro do primeiro trimestre de cada ano natural segundo o disposto no artigo 44.1 do regulamento que se aproba por medio deste real decreto.

Disposición transitoria sexta. *Acceso pola quenda libre a través do sistema de concurso-oposición.*

Excepcionalmente e de acordo co disposto no artigo 484.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, as dúas primeiras convocatorias de procesos selectivos para o acceso aos corpos de funcionarios da Administración de xustiza que se realicen a partir da entrada en vigor do regulamento que se aproba por medio deste real decreto levaranse a cabo polo sistema de concurso-oposición. No baremo que se estableza para a avaliación da fase de concurso terase en conta especificamente, entre outros méritos, a valoración do desempeño como funcionario interino das tarefas propias dos corpos a que se opte.

Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio para o cesamento dos directores e dos subdirectores de institutos de medicina legal.*

Os médicos forenses que fosen nomeados directores ou subdirectores de institutos de medicina legal polo sistema de libre designación con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento e cuxo cesamento se decida con carácter discrecional reincorporaranse ao seu posto de procedencia sempre que este fose obtido mediante o sistema de concurso.

Disposición transitoria oitava. *Oficina xudicial e relacións de postos de traballo.*

Ata o momento en que entre en funcionamento o novo modelo de oficina xudicial previsto na Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de reforma da Lei orgánica do poder xudicial, as referencias deste regulamento a ela, así como ás relacións de postos de traballo, entenderanse, no que sexa aplicable, efectuadas á actual estrutura e aos actuais postos de traballo dos centros de traballo en que aínda non se producise o proceso de acoplamento á nova oficina xudicial.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 296/1996, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico do corpo de médicos forenses, en canto se opoña ao establecido no regulamento que se aproba por medio deste real decreto en materia de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional; e tamén o Real decreto 249/1996, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos corpos de oficiais, auxiliares e axentes ao servizo da Administración de xustiza, salvo os artigos 50, 51 e 52 do devandito regulamento, que se manterán en vigor ata que sexan aprobadas definitivamente polo Ministerio de Xustiza todas as relacións de postos de traballo e se realizasen integramente os procesos de acoplamento das distintas unidades que conforman a estrutura das oficinas xudiciais segundo o disposto na Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

REGULAMENTO DE INGRESO, PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E PROMOCIÓN PROFESIONAL DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TÍTULO PRELIMINAR

Disposición xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación. Normativa aplicable.*

TÍTULO I

Ingreso nos corpos ao servizo da Administración de xustiza

CAPÍTULO I

Oferta de emprego público

Artigo 2. *Obxecto.*

Artigo 3. *Aprobación.*

Artigo 4. *Cota para persoas con discapacidade.*

Artigo 5. *Competencia para convocar as probas selectivas.*

CAPÍTULO II

Normas xerais

Artigo 6. *Réxime aplicable.*

Artigo 7. *Sistemas selectivos.*

Artigo 8. *Características das probas selectivas.*

CAPÍTULO III

Comisión de Selección e tribunais

Artigo 9. *Comisión de Selección de Persoal.*

Artigo 10. *Competencias da Comisión de Selección.*

Artigo 11. *Funcionamento da Comisión de Selección.*

Artigo 12. *Tribunais.*

Artigo 13. *Regras adicionais sobre a súa composición e o seu funcionamento.*

Artigo 14. *Dereitos e deberes dos membros dos tribunais.*

Artigo 15. *Resolucións dos tribunais. Revisión e impugnación.*

CAPÍTULO IV

Convocatorias e procedemento selectivo

Artigo 16. *Convocatorias.*

Artigo 17. *Contido das convocatorias.*

Artigo 18. *Solicitudes.*

Artigo 19. *Discapacidades.*

Artigo 20. *Listas de admitidos e excluídos.*

Artigo 21. *Anuncio de celebración das probas.*

Artigo 22. *Relación de aprobados.*

Artigo 23. *Presentación de documentación.*

Artigo 24. *Período de prácticas ou curso selectivo.*

Artigo 25. *Dereitos e deberes dos funcionarios en prácticas.*

Artigo 26. *Réxime disciplinario dos funcionarios en prácticas.*

CAPÍTULO V

Nomeamento e adxudicación de postos de traballo

Artigo 27. *Nomeamentos.*

Artigo 28. *Asignación inicial de postos de traballo.*

Artigo 29. *Xuramento ou promesa e toma de posesión.*

CAPÍTULO VI

Funcionarios interinos

Artigo 30. *Selección e nomeamento.*

TÍTULO II

Promoción interna

Artigo 31. *Réxime aplicable.*

Artigo 32. *Sistema de selección.*

Artigo 33. *Requisitos de participación.*

Artigo 34. *Dereitos dos funcionarios de promoción interna.*

Artigo 35. *Permiso retribuído para funcionarios que accedan a outros corpos ao servizo da Administración de xustiza por promoción interna.*

Artigo 36. *Características das probas.*

Artigo 37. *Fases do proceso selectivo.*

Artigo 38. *Promoción interna para o acceso a diferente especialidade dos corpos especiais do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

TÍTULO III

Provisión de postos de traballo

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 39. *Centros de destino.*

Artigo 40. *Formas de provisión.*

Artigo 41. *Competencia.*

Artigo 42. *Bases marco.*

CAPÍTULO II

Provisión de postos de traballo mediante concurso

Artigo 43. *Condicións xerais de participación.*

Artigo 44. *Convocatoria de concursos para postos xenéricos.*

Artigo 45. *Órganos competentes.*

Artigo 46. *Requisitos e condicións de participación nos concursos para postos xenéricos.*

Artigo 47. *Presentación de solicitudes de participación en concursos para postos xenéricos.*

Artigo 48. *Méritos.*

Artigo 49. *Convocatoria de concursos específicos para cubrir postos de traballo singularizados.*

Artigo 50. *Comisións de valoración.*

Artigo 51. *Resolución.*

Artigo 52. *Toma de posesión.*

Artigo 53. *Destinos.*

Artigo 54. *Renuncia a postos de traballo obtidos por concurso específico.*

Artigo 55. *Permutas.*

CAPÍTULO III

Libre designación

Artigo 56. *Procedemento de libre designación.*

Artigo 57. *Convocatoria.*

Artigo 58. *Solicitudes.*

Artigo 59. *Informes.*

Artigo 60. *Nomeamentos.*

Artigo 61. *Toma de posesión.*

Artigo 62. *Cesamento.*

CAPÍTULO IV

Outras formas de provisión

Artigo 63. *Traslado por causa de violencia sobre a muller funcionaria.*

Artigo 64. *Regras xerais que rexerán as modificacións das relacións de postos de traballo.*

Artigo 65. *Redistribución de efectivos.*

Artigo 66. *Reordenación de efectivos.*

Artigo 67. *Reasignación forzosa.*

Artigo 68. *Adscrición provisional.*

Artigo 69. *Reingreso ao servizo activo.*

Artigo 70. *Reingreso dos funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa que cesasen como secretarios substitutos.*

Artigo 71. *Reingreso dos declarados en situación de suspensión definitiva.*

Artigo 72. *Reingreso dos rehabilitados.*

Artigo 73. *Comisións de servizo.*

Artigo 74. *Substitucións.*

Artigo 75. *Substitución nas secretarías de xulgados e agrupacións de xulgados de paz.*

TÍTULO IV

Rehabilitación

Artigo 76. *Supostos de rehabilitación.*

Artigo 77. *Órgano competente.*

Artigo 78. *Iniciación.*

Artigo 79. *Instrución.*

Artigo 80. *Criterios para a formulación da proposta de resolución.*

Artigo 81. *Terminación.*

REGULAMENTO DE INGRESO, PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E PROMOCIÓN PROFESIONAL DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TÍTULO PRELIMINAR

Disposición xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación. Normativa aplicable.*

1. Este regulamento ten por obxecto regular os procedementos de ingreso, promoción interna, provisión de postos de traballo e rehabilitación do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, incluído no libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

2. En todo o non previsto na citada lei orgánica e neste regulamento, aplicarase con carácter supletorio o establecido nas normas do Estado sobre función pública, sen prexuízo das disposicións complementarias que, no exercicio das competencias recoñecidas na dita lei orgánica, diten nestas materias as comunidades autónomas con traspasos recibidos, disposicións que, en todo caso, deberán respectar o establecido neste regulamento.

TÍTULO I

Ingreso nos corpos ao servizo da Administración de xustiza

CAPÍTULO I

Oferta de emprego público

Artigo 2. *Obxecto.*

As necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non puidesen ser provistos por funcionarios de carreira e cuxa cobertura se considere conveniente durante o exercicio serán obxecto dunha única oferta de emprego público anual que se elaborará de conformidade cos criterios para o sector público estatal, establecidos na Lei de orzamentos xerais do Estado e coas prescricións da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Artigo 3. *Aprobación.*

1. As comunidades autónomas determinarán, nos seus respectivos ámbitos territoriais, as necesidades de recursos humanos respecto dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza sobre os cales recibiron os traspasos, e poñerano en coñecemento do Ministerio de Xustiza.

2. O Ministerio de Xustiza elaborará a oferta de emprego público integrando, de forma diferenciada, as necesidades de recursos determinadas polas comunidades autónomas con traspasos recibidos coas existentes no resto do territorio do Estado, e presentará ao Ministerio de Administracións Públicas, quen lla elevará ao Goberno para súa aprobación, consonte, se é o caso, o que establecece a correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 4. *Cota para persoas con discapacidade.*

Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para ser cuberta por persoas cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento, que acrediten ese grao de discapacidade e mais a compatibilidade para o desempeño das funcións e tarefas correspondentes do xeito regulado no artigo 19 deste regulamento e do que se determine nas convocatorias.

Se as prazas reservadas e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non acadasen a taxa do tres por cento das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do cinco por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do 10 por cento.

Artigo 5. *Competencia para convocar as probas selectivas.*

Unha vez aprobada a oferta de emprego público, o Ministerio de Xustiza procederá á convocatoria dos procesos selectivos.

CAPÍTULO II

Normas xerais

Artigo 6. *Réxime aplicable.*

O ingreso nos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza realizarase mediante algún dos sistemas selectivos previstos no artigo seguinte, con convocatoria pública, e rexerese polas súas respectivas bases, que se axustarán en todo caso ao disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e neste regulamento.

Artigo 7. *Sistemas selectivos.*

1. De acordo cos principios contidos no artigo 103 da Constitución española, o persoal funcionario de carreira será seleccionado con criterios de obxectividade e consonte os principios de igualdade, mérito, capacidade e tamén de publicidade.

2. O acceso aos corpos será libre e público e levarase a cabo a través dos sistemas de oposición ou concurso-oposición. A utilización do sistema de concurso-oposición terá carácter excepcional, sen prexuízo do establecido no título II deste regulamento para a promoción interna.

3. A selección por oposición é o sistema ordinario de ingreso e consiste na realización das probas que se establezan na convocatoria para determinar a capacidade e aptitude do aspirante.

4. A selección por concurso-oposición consiste na realización das probas correspondentes e na valoración de determinadas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia, do xeito que se estableza na convocatoria.

Artigo 8. *Características das probas selectivas.*

1. As probas selectivas serán adecuadas ao conxunto dos postos de traballo que poden ser desempeñados polos funcionarios de carreira dos corpos xerais ou especiais correspondentes.

2. O contido do temario, así como as probas que se teñan que realizar, serán únicos para cada corpo en todo o territorio do Estado, salvo as probas que se poidan establecer para a acreditación do coñecemento da lingua e do dereito propio das comunidades autónomas que os posúan, que terán carácter optativo e en ningún caso serán eliminatorias; terase en conta a puntuación obtida nestas últimas probas, conforme o baremo que se estableza, só para os efectos de adxudicación de destino dentro da comunidade autónoma correspondente.

As probas optativas que se establezan para avaliar os coñecementos da lingua oficial propia ou do dereito propio das comunidades autónomas, así como as certificacións que poidan acreditar os devanditos coñecementos, serán as que resulten aplicables segundo a normativa en vigor nas comunidades autónomas que a teñan establecida. Con este fin, a Comisión de Selección de Persoal reclamaralles ás comunidades autónomas a dita normativa e determinará a puntuación que se deba outorgar nas respectivas convocatorias.

CAPÍTULO III

Comisión de selección e tribunais

Artigo 9. *Comisión de selección de persoal.*

1. O ministro de Xustiza nomeará mediante orde unha comisión de selección de persoal, que estará formada por:

Catro vogais representantes do Ministerio de Xustiza, un dos cales será un maxistrado xuíz, fiscal ou secretario xudicial, que asumirá a presidencia e terá voto dirimente en caso de empate na adopción de acordos, e tres funcionarios do Ministerio de Xustiza, un dos cales actuará como secretario, que serán propostos polo director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

Catro representantes das comunidades autónomas con traspasos recibidos en materia de Administración de xustiza, un dos cales asumirá a vicepresidencia da comisión. Estes representantes serán propostos polas mencionadas comunidades autónomas do xeito que elas determinen.

Na composición da comisión de selección promoverase a paridade entre mulleres e homes.

2. Cando se trate da selección de corpos especiais que non fosen obxecto de traspaso ás comunidades autónomas, esta comisión estará formada por tres facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, un dos cales asumirá a presidencia, por dous médicos forenses, un dos cales asumirá a vicepresidencia, e por tres funcionarios do Ministerio de Xustiza, un dos cales actuará como secretario. Serán propostos todos eles polo director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

3. A comisión de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para aquelas materias en que se estime necesaria a súa intervención. Os devanditos asesores colaborarán coa citada comisión de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

4. Os vogais da comisión de selección, así como os asesores especialistas, estarán sometidos ás regras establecidas no artigo 13.4 deste regulamento.

Artigo 10. *Competencias da comisión de selección.*

Son competencias da comisión de selección:

1. Elaborar e aprobar os temarios, que serán únicos para cada corpo en todo o territorio do Estado.

2. Elaborar as bases da convocatoria polas que se deben rexer os procesos selectivos para o ingreso nos correspondentes corpos de funcionarios.

3. Proponer o baremo de méritos segundo os aspectos desenvolvidos no artigo 37 do título II deste regulamento, así como a puntuación que lle será atribuída a cada un deles para o acceso aos corpos de funcionarios polo sistema de concurso-oposición, baremo que será aprobado polo Ministerio de Xustiza tras negociación coas organizacións sindicais e que se publicará no Boletín Oficial del Estado.

4. Determinar o programa formativo correspondente ao período de prácticas ou curso selectivo, así como os criterios para a súa avaliación.

5. Fixar os criterios de actuación que deben rexer o proceso selectivo, que se plasmarán nas respectivas bases da convocatoria.

6. Analizar e propoñerlle, se for o caso, ao Ministerio de Xustiza cantas medidas poidan resultar convenientes para a mellora dos procesos selectivos.

Artigo 11. *Funcionamento da Comisión de Selección.*

O funcionamento da Comisión de Selección axustarase ao disposto para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Tribunais.*

1. O desenvolvemento e cualificación das probas selectivas dos corpos xerais e especiais correspóndelles aos tribunais cualificadores. Estes tribunais gozarán de autonomía funcional e responderán da obxectividade do procedemento e mais do cumprimento das normas contidas na convocatoria, ás cales estarán sometidos.

2. Para cada un dos procesos selectivos de ingreso nos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, o Ministerio de Xustiza nomeará un tribunal cualificador único, que efectuará o proceso selectivo en todos os ámbitos territoriais fixados na convocatoria.

En cada ámbito territorial de comunidade autónoma con traspasos recibidos onde se convoquen prazas, o Ministerio de Xustiza, por proposta dos órganos correspondentes da comunidade autónoma, nomeará un tribunal delegado.

Ao nomeamento dos tribunais daráselle a adecuada publicidade a través do Boletín Oficial del Estado e dos diarios oficiais das comunidades autónomas con traspasos recibidos.

3. Correspóndelles aos tribunais cualificadores únicos a elaboración das probas que se deberán desenvolver, a determinación do calendario de realización destas e dos criterios de valoración, así como a resolución de cantas consultas poidan formular os distintos tribunais delegados.

Os tribunais delegados actuarán, no seu ámbito territorial, por delegación do tribunal cualificador único, baixo a súa dependencia e dirección, co fin de garantir a igualdade entre todos os aspirantes ao longo do proceso selectivo.

4. Os tribunais cualificadores únicos estarán compostos por un número impar de vogais, non inferior a cinco, dos cales un será un maxistrado xuíz, fiscal, secretario xudicial ou médico forense, se for o caso, que asumirá a presidencia, e outro un funcionario de carreira do Ministerio de Xustiza que actuará como secretario. O resto dos vogais, que serán igualmente funcionarios de carreira, nomearanse atendendo ao principio de especialidade e de tal modo que a totalidade dos membros do tribunal posúa un nivel de titulación igual ou superior ao exixido para o ingreso no corpo de que se trate. Os tribunais delegados terán idéntica composición, salvo polo que se refire aos funcionarios do Ministerio de Xustiza, que, neste caso, serán funcionarios da comunidade autónoma propostos directamente polo órgano competente desta. En todo caso, dous de cada cinco vogais serán propostos polo órgano competente da comunidade autónoma.

Na composición dos tribunais de probas selectivas, promoverase a paridade entre mulleres e homes.

Artigo 13. *Regras adicionais sobre a súa composición e o seu funcionamento.*

1. Os tribunais non poderán estar formados maioritariamente por funcionarios pertencentes ao mesmo corpo obxecto da selección.

2. Os tribunais non poderán constituírse nin actuar sen a presenza do presidente e do secretario, ou de

quen os substitúa, e de, polo menos, a metade dos vogais que os compoñen. Tampouco poderán constituírse nin actuar cando haxa maioría de vogais pertencentes ao corpo a que se pretende acceder. A convocatoria das sesións efectuarase o secretario por orde do presidente, cunha antelación mínima de 48 horas á súa celebración, con indicación da orde do día en que se inclúan os asuntos que se deban tratar na sesión. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, bardante de que estean presentes todos os membros do tribunal que fosen citados e que sexa declarada a urxencia do asunto por voto favorable da maioría. Todos os acordos serán adoptados por maioría de votos, sendo o do presidente de calidade en caso de empate. O secretario elaborará a acta de cada unha das sesións que se celebren, acta que será lida na seguinte sesión e que, unha vez feitas, se for o caso, as rectificacións que procedan, se autorizará coa sinatura do secretario e co visto e prace do presidente. Nas actas consignaranse necesariamente o día, a hora e mais o obxecto da reunión, así como os votos particulares que puidesen formular os vogais do tribunal presentes.

3. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir no proceso de selección e comunicarllo ao presidente, quen pola súa vez o poñerá en coñecemento do Ministerio de Xustiza, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Polos mesmos motivos, os aspirantes poderán promover recusación no prazo que se determine na convocatoria ou, por causas sobrevidas, en calquera momento da tramitación do proceso selectivo. O incidente de recusación resolverase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Non poderán formar parte dos tribunais aquelas persoas que porten a condición de alto cargo, segundo a súa respectiva regulación, nin aquelas que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

5. Cando así se prevexa nas correspondentes convocatorias, os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas, que os asistan para todas ou algunhas das probas. Os ditos asesores colaborarán cos tribunais exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, e seralles aplicable o establecido na alínea anterior deste artigo.

Artigo 14. *Dereitos e deberes dos membros dos tribunais.*

É competencia dos tribunais o desenvolvemento e cualificación das probas selectivas con plena independencia funcional. No exercicio desta función están sometidos á Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, a este regulamento e mais ás bases da respectiva convocatoria.

Son dereitos e deberes fundamentais dos membros dos tribunais:

a) Asistir ás reunións convocadas e participar nas deliberacións con voz e voto.

b) Desempeñar as tarefas que en tales reunións se acorde encomendarlles, do xeito e no prazo determinados.

c) Absterse no caso de que concorra algunha causa de abstención.

d) Observar unha estrita neutralidade respecto dos participantes no proceso selectivo e valoralos unicamente con criterios obxectivos fundamentados nas probas realizadas.

e) Gardar sigilo respecto dos asuntos que coñezan e da documentación a que teñan acceso por razón da súa pertenza ao tribunal, deber este que implica especialmente a prohibición de:

1.º Divulgar o resultado, as puntuacións ou calquera outro dato relativo ás probas e cualificacións antes da súa publicación oficial.

2.º Proporcionar información sobre o contido dos exercicios e das propostas presentadas para a súa elaboración.

f) Terán dereito á percepción das indemnizacións a que se refire o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou as disposicións que así o establezan.

Artigo 15. *Resolucións dos tribunais. Revisión e impugnación.*

1. As resolucións dos tribunais vinculan a Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder á súa revisión, conforme o previsto nos artigos 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os actos que poñan fin aos procedementos selectivos deberán ser motivados. A motivación dos actos dos tribunais ditados en virtude de discrecionalidade técnica no desenvolvemento do seu cometido de valoración estará referida ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria.

3. Contra as resolucións dos tribunais e os seus actos de trámite que impidan continuar o procedemento ou produzan indefensión poderanse interpoñer os recursos que procedan ante a autoridade que os nomease, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO IV

Convocatorias e procedemento selectivo

Artigo 16. *Convocatorias.*

1. As probas selectivas convocaraas o Ministerio de Xustiza. As prazas radicadas no territorio dunha comunidade autónoma con trasposos recibidos ofertaranse polo ámbito territorial da comunidade autónoma de que se trate, salvo renuncia expresa desta, caso en que serán obxecto de agrupación. Cando o número de prazas ou o mellor desenvolvemento dos procesos o aconselle, poderanse agrupar as vacantes correspondentes a un ou varios territorios.

2. As convocatorias e as súas bases, que serán únicas para cada corpo, axustaranse, en todo caso, ao disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e neste regulamento, e publicaranse no Boletín Oficial del Estado e, se é o caso, nos diarios oficiais das comunidades autónomas, de forma simultánea. Se a devandita simultaneidade non fose posible, os termos e prazos establecidos na convocatoria contaránse en todo caso a partir da publicación no Boletín Oficial del Estado.

3. As bases da convocatoria serán elaboradas pola comisión de selección e aprobadas polo Ministerio de Xustiza, tras negociación coas organizacións sindicais.

4. As citadas bases, que vinculan a Administración, os tribunais que teñen que vulgar as probas selectivas e mais a todos os que participen nelas, só poderán ser modificadas con suxeición ás normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17. *Contido das convocatorias.*

As convocatorias deberán conter, como mínimo:

1. O número de prazas, con indicación, se é o caso, das reservadas para promoción interna, e o ámbito territorial polo que se ofertan.

2. A indicación de que os aspirantes só poderá solicitar a súa participación por un dos ámbitos territoriais que se expresen na convocatoria e de que, de superaren o proceso selectivo, serán destinados obrigatoriamente a algunha das vacantes radicadas nel.

3. A declaración expresa de que non poderá superar o proceso selectivo en cada ámbito un número maior de aspirantes ca o de prazas obxecto da convocatoria, e de que serán nulas de pleno dereito as propostas de aprobados que contraveñan esta limitación.

4. As condicións ou os requisitos que deben reunir ou cumprir os aspirantes, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5. O xeito en que as persoas con discapacidades deberán formular, de ser o caso, a súa petición das adaptacións posibles, no que respecta a tempo e medios, para a realización das probas.

6. O órgano, o centro ou a unidade administrativa a onde se deben dirixir as solicitudes de participación.

7. O sistema selectivo e o detalle do desenvolvemento das probas.

8. As probas selectivas que se teñan que celebrar, incluídas as de carácter optativo, e, se é o caso, a relación de méritos que se deben ter en conta na selección.

9. A forma de designación dos tribunais cualificadores.

10. O temario polo que se rexerán as probas, ou a indicación do Boletín Oficial del Estado en que se publíquese con anterioridade.

11. O sistema de cualificación.

12. A determinación, se for o caso, das características, da duración, do prazo máximo para o comezo e do centro ou órgano responsable da avaliación do período de prácticas ou curso selectivo.

13. A duración máxima do proceso selectivo. Desde a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

14. A orde de actuación dos aspirantes segundo o sorteo que cada ano realiza a Secretaría Xeral para a Administración Pública.

Artigo 18. *Solicitudes.*

1. A solicitude para participar nos procedementos de ingreso, axustada ao modelo oficial aprobado polo Ministerio de Xustiza, deberase presentar no prazo que se fixe na convocatoria, a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, de acordo co establecido na convocatoria e en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O modelo de solicitude facilitarase en castelán e na lingua tamén oficial nas comunidades autónomas que a teñan. Poderá descargarse a través do sitio web do Ministerio de Xustiza e, se é o caso, das comunicades autónomas.

2. Para seren admitidos e, se é o caso, tomaren parte nas probas selectivas correspondentes, os aspirantes presentarán as solicitudes de participación, nas cales farán constar que cumpren os requisitos exixidos na convocatoria, referidos á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Os requisitos exixidos na convocatoria deberanse manter ata a toma de posesión como funcionarios de carreira.

3. A autoridade convocante, por si ou por proposta do presidente do tribunal, daralles conta aos órganos competentes e, se é o caso, ao Ministerio Fiscal, das inexactitudes, falsidades ou calquera outra presunta infracción que puidese ser constitutiva de delito ou falta, para os efectos que respectivamente procedan e en calquera momento do procedemento en que chegue a coñecer tales circunstancias.

Artigo 19. *Discapacidades.*

1. Nos procesos selectivos para ingreso nos corpos de funcionarios serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións ca os demais aspirantes. As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, sen prexuízo das incompatibilidades co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes. A realización das probas terá lugar en condicións de igualdade cos demais aspirantes, sen prexuízo das posibles adaptacións en canto a tempo e medios para as persoas con discapacidade que así o soliciten. Para tal efecto, os tribunais poderán requirir o informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, ou das comunidades autónomas.

2. Se no desenvolvemento dos procesos selectivos o tribunal tivese dúbidas respecto da capacidade do aspirante con discapacidade para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo a que se opta, só poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, se é o caso, da comunidade autónoma correspondente.

Neste suposto, entrementes non se emita o ditame o aspirante poderá participar no proceso selectivo, quedando en suspenso a resolución definitiva sobre a súa admisión ou exclusión ata a recepción do ditame.

Artigo 20. *Listas de admitidos e excluídos.*

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a autoridade convocante ditará unha resolución, no prazo que se estableza na convocatoria, na cal se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Nesta resolución indicaranse os lugares en que se encontran expostas ao público as listas certificadas completas de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación da causa de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. A citada resolución deberase publicar de xeito simultáneo no Boletín Oficial del Estado e, se é o caso, nos diarios oficiais das comunidades autónomas con traspasos recibidos. Se a dita simultaneidade non fose posible, os termos e prazos establecidos na convocatoria contarán en todo

caso a partir da publicación no Boletín Oficial del Estado.

As listas deberanse poñer de manifesto, en todo caso, na Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, nas xerencias territoriais ou unidades administrativas, nos tribunais superiores de xustiza, na Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas e mais nos organismos correspondentes das comunidades autónomas con traspasos recibidos, así como no sitio web do Ministerio de Xustiza e, se é o caso, das comunidades autónomas.

2. A publicación da resolución no Boletín Oficial del Estado será determinante dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

3. O lugar e a data do comezo dos exercicios, así como a aprobación da relación definitiva de admitidos e excluídos, con indicación dos lugares onde se atopa exposta, publicaranse no Boletín Oficial del Estado e, se é o caso, nos diarios oficiais das comunidades autónomas con competencias asumidas.

Artigo 21. *Anuncio de celebración das probas.*

Unha vez que principien os procesos selectivos non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios da celebración das restantes probas no Boletín Oficial del Estado, nin tampouco nos diarios oficiais das comunidades autónomas que convoquen prazos. No devandito suposto, estes anuncios deberá facelos públicos o tribunal nos mesmos lugares especificados no artigo 20 deste regulamento, incluído o sitio web do Ministerio de Xustiza e, se é o caso, das comunidades autónomas, con polo menos doce horas de antelación ao seu comezo, se se trata do mesmo exercicio, ou de vinte e catro horas, se se trata dun novo.

Artigo 22. *Relación de aprobados.*

Unha vez terminada a fase de oposición ou concurso-oposición, os tribunais elevaranlle ao Ministerio de Xustiza a relación de aprobados, que se publicará no Boletín Oficial del Estado e nos diarios oficiais das comunidades autónomas onde se convoquen prazos, sendo aplicable, se for o caso, o disposto no artigo 16.2 deste regulamento.

Artigo 23. *Presentación de documentación.*

1. Os aspirantes propostos presentarán ante o Ministerio de Xustiza, para o seu nomeamento como funcionarios en prácticas, os documentos acreditativos dos requisitos exixidos na convocatoria, dentro do prazo de vinte días naturais desde que se publiquen no Boletín Oficial del Estado as relacións de aprobados a que se refire o artigo anterior.

Os aspirantes con discapacidade deberán acreditar a súa condición, así como a compatibilidade funcional co corpo a que acceden, mediante certificación expedida polos órganos oficiais competentes.

2. Os que dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou cando dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos exixidos, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

3. Os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberán presentar unicamente unha

certificación do ministerio ou organismo de que dependan, na cal se acredite a súa condición e as demais circunstancias requiridas para o seu nomeamento. Non obstante, sempre que o interesado así o autorice, as certificacións en soporte papel serán substituídas por certificados telemáticos ou por transmisións de datos, nas condicións e cos requisitos previstos polos artigos 14 e 15 do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado.

Para o caso dos funcionarios con discapacidade, estes deberán acreditar a compatibilidade funcional para o corpo a que acceden mediante certificación expedida polos órganos oficiais competentes.

Artigo 24. *Período de prácticas ou curso selectivo.*

1. Os procesos de selección incluírán a realización dun curso teórico-práctico ou dun período de prácticas, de carácter selectivo. A cualificación obtida servirá para fixar a orde de prelación. Os aspirantes que non superen o curso ou período de prácticas perderán o dereito ao seu nomeamento como funcionarios de carreira, mediante resolución motivada da autoridade convocante.

2. Durante a realización do curso ou período de prácticas, os aspirantes terán a consideración de funcionarios en prácticas.

3. A condición de funcionarios en prácticas dos aspirantes manterase ata a súa toma de posesión como funcionarios de carreira, pero extinguirase para os que non superen o curso ou período de prácticas correspondente, sen prexuízo do establecido na alínea 6.

4. O curso selectivo ou, se é o caso, o período de prácticas poderá desenvolverse nos centros, institutos ou servizos de formación dependentes do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas, ou nos centros de destino indicados no artigo 39 deste regulamento, situados no ámbito territorial polo cal participou o funcionario.

5. Correspóndelles aos centros, institutos, servizos ou responsables da unidade ou centro de destino correspondentes a avaliación do aproveitamento dos aspirantes, que se graduará segundo se estableza na respectiva convocatoria.

6. Os que non puidesen realizar ou concluír o curso selectivo ou período de prácticas por causa de forza maior cesarán na súa condición de funcionarios en prácticas, mais poderán volver ser nomeados como tales no curso inmediatamente posterior que se convoque da mesma clase, conservando a puntuación obtida na oposición ou concurso-oposición previos.

Artigo 25. *Dereitos e deberes dos funcionarios en prácticas.*

1. Os funcionarios en prácticas terán dereito a percibir unha retribución equivalente ao soldo e ás pagas extraordinarias correspondentes ao corpo a que accedan e, sempre que superen o curso ou período de prácticas, ao cómputo para efectos económicos do tempo de permanencia nos centros, institutos ou servizos de formación correspondentes, ou nos centros de destino.

2. Os funcionarios en prácticas que xa estivesen prestando servizos remunerados como funcionarios de carreira na Administración de xustiza, durante o curso ou período de prácticas, non poderán percibir ningunha remuneración polo posto de traballo de orixe, e poderán optar por unha remuneración de igual importe á que

percibían no dito posto de traballo ou pola que lles corresponda como funcionarios en prácticas. Esta remuneración será aboada polo Centro de Estudos Xurídicos ou polos órganos correspondentes das comunidades autónomas con traspasos recibidos en cuxo ámbito territorial se realice o período de prácticas ou curso selectivo.

3. Así mesmo terán dereito á concesión de permisos por causas debidamente xustificadas, pero o seu outorgamento non os eximirá en ningún caso do nivel de asistencia mínimo para a superación do curso ou do período de prácticas.

4. Os funcionarios en prácticas asistirán á sede dos centros, institutos ou servizos de formación correspondentes, ou aos lugares onde se desenvolvan as actividades teóricas ou prácticas, con suxeición ao calendario e horario establecidos. Levarán a cabo a actuación necesaria para acadar a adecuada preparación con vistas ao exercicio da función respectiva, mediante o aproveitamento dilixente das actividades programadas.

5. As actividades do curso de selección desenvolveranse en réxime de dedicación exclusiva para cada corpo, e terán, para os efectos disciplinarios, o carácter de función ou servizo público.

6. Os funcionarios en prácticas dependerán xerarquicamente da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza ou dos órganos competentes das comunidades autónomas con traspasos recibidos.

Artigo 26. *Réxime disciplinario dos funcionarios en prácticas.*

1. Os funcionarios en prácticas incorrerán en responsabilidade disciplinaria nos supostos e cos efectos previstos con carácter xeral para os funcionarios de carreira dos corpos ao servizo da Administración de xustiza.

2. O procedemento para o exercicio da potestade disciplinaria rexerese polo disposto no Regulamento xeral de réxime disciplinario do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

CAPÍTULO V

Nomeamento e adxudicación de postos de traballo

Artigo 27. *Nomeamentos.*

1. Unha vez concluído o proceso selectivo e incorporada a puntuación correspondente ao curso selectivo ou período de prácticas, os aspirantes que o superasen, cuxo número non poderá exceder en ningún caso o de prazas convocadas en cada ámbito, serán nomeados funcionarios de carreira polo órgano competente do Ministerio de Xustiza.

2. Os nomeamentos publicaranse á xunta no Boletín Oficial del Estado e nos diarios oficiais das comunidades autónomas con competencias asumidas.

Artigo 28. *Asignación inicial de postos de traballo.*

1. A adxudicación de postos de traballo aos funcionarios de novo ingreso efectuarase de acordo coas súas peticións, entre os postos xenéricos que se lles oferten, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Os destinos adxudicados terán carácter definitivo equivalente para todos os efectos aos obtidos por concurso, sen que os funcionarios de novo ingreso poidan participar neste ata que non transcorresen dous anos desde a data da resolución pola que se lles adxudicou

destino. Para o cómputo dos dous anos rexerá o establecido no parágrafo segundo do artigo 529.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

2. Os postos de traballo que se lles oferten aos funcionarios de novo ingreso deberán ser previamente obxecto de concurso de traslados entre aqueles que xa tivesen a condición de funcionario. No entanto, se as administracións competentes en materia de xestión de recursos humanos non dispuxesen, nos seus respectivos ámbitos territoriais, de prazas abundas para lles ofertar aos funcionarios de novo ingreso, con carácter excepcional e logo de negociar cos sindicatos, poderán incorporar postos de traballo non incluídos previamente en concurso de traslados.

Neste último suposto, o destino adxudicado ao funcionario de novo ingreso terá carácter provisional. O dito funcionario deberá tomar parte no primeiro concurso de traslados que se convoque no cal se oferten prazas do ámbito territorial en que estea destinado provisionalmente, garantíndoselle o destino definitivo no ámbito polo cal participou no proceso selectivo. De incumprir esta obriga, adxudicáraselle con carácter definitivo calquera das prazas non adxudicadas en todo o territorio nacional.

3. Os postos de traballo non ocupados polos funcionarios de promoción interna a que se refire o punto 2 do artigo 29 deste regulamento, seranlles ofertados aos aspirantes que superasen o proceso selectivo pola quenda libre.

Artigo 29. *Xuramento ou promesa e toma de posesión.*

1. A condición de funcionario de carreira adquirírase coa toma de posesión do primeiro destino, a cal terá lugar no prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial del Estado e tras xuramento ou promesa prestados do xeito que a seguir se indica: «Xuro ou prometo gardar e facer gardar fielmente a Constitución e mais o resto do ordenamento xurídico, lealdade á Coroa e cumprir cos deberes do meu cargo fronte a todos». Cando a toma de posesión do posto de traballo se realice nas comunidades autónomas con lingua oficial propia, este xuramento poderá efectuarse nesta lingua.

En casos de forza maior debidamente xustificadas, o Ministerio de Xustiza ou os órganos correspondentes das comunidades autónomas con traspasos recibidos poderán, por instancia do interesado, prorrogar na medida que estimen necesario o prazo previsto no parágrafo anterior.

2. Os funcionarios que accedan a un novo corpo pola quenda de promoción interna e que opten por continuar en activo no corpo de procedencia non será necesario que se despracen a tomar posesión ao posto de traballo adxudicado, bastando con que dentro do prazo de toma de posesión lle comuniquen, se é o caso, ao órgano correspondente do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con traspasos recibidos a dita opción, para os efectos da declaración de excedencia voluntaria prevista no artigo 506 d) da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

3. O xuramento ou promesa, así como a toma de posesión do primeiro destino, realizarase ante o responsable da xerencia territorial, unidade administrativa ou órgano que determine a Administración pública competente. Os ditos actos poranse en coñecemento do Rexistro Central de Persoal Funcionario ao Servizo da Administración de Xustiza.

4. Quen se negase a prestar xuramento ou promesa, ou quen sen xusta causa deixase de tomar posesión, entenderase que renuncia a adquirir a condición de funcionario no corpo correspondente, do cal o órgano respectivo lle deberá dar conta ao Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma con traspasos recibidos.

CAPÍTULO VI

Funcionarios interinos

Artigo 30. *Selección e nomeamento.*

1. O Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza poderán nomear funcionarios interinos, por razóns de urxencia ou por necesidades do servizo, cando non sexa posible, coa celeridade exixida polas circunstancias, a prestación do servizo por funcionario de carreira, de acordo cos criterios obxectivos que se fixen na orde ministerial ou, se é o caso, na disposición da comunidade autónoma que recibise os traspasos de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza. Os funcionarios interinos desenvolverán as funcións propias dos ditos corpos entremetres non sexa posible o seu desempeño por funcionarios de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento.

2. Os nomeados deberán reunir os requisitos e titulación necesarios para o ingreso no corpo, tomarán posesión no prazo que regulamentariamente se estableza e terán os mesmos dereitos e deberes ca os funcionarios, bardante da fixeza no posto de traballo, e as mesmas retribucións básicas e complementarias, con excepción dos trienios.

3. Aos funcionarios interinos seralles aplicable o réxime dos funcionarios de carreira, no que sexa adecuado á natureza da súa condición.

4. Cesarán segundo os termos que estableza a orde ministerial ou, se é o caso, a disposición da comunidade autónoma a que se refire a alínea primeira deste artigo e, en todo caso, cando se provexa a vacante, se incorpore efectivamente o seu titular ou desaparezan as razóns de urxencia ou necesidade que motivaron o seu nomeamento.

TÍTULO II

Promoción interna

Artigo 31. *Réxime aplicable.*

1. A promoción interna consiste no ascenso desde un corpo para cuxo ingreso se exixiu unha determinada titulación a outro corpo para cuxo acceso se exixe a titulación inmediata superior ou, no caso dos corpos especiais, na posibilidade de acceder ás diferentes especialidades dun mesmo corpo. Rexerá polas normas establecidas no presente título e, no que sexa aplicable, polas do título I deste regulamento.

2. Reservarase para a súa provisión por promoción interna un 50 por cento das prazas vacantes incluídas para cada corpo na oferta de emprego público. As prazas que non se cubran polo proceso de promoción interna acrecentarán a quenda libre en cada ámbito territorial.

Artigo 32. Sistema de selección.

1. A promoción interna efectuarase mediante o sistema de concurso-oposición, con suxeición aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En primeiro lugar celebrárase a fase de oposición, que será eliminatória, e a seguir valoráranse os méritos na fase de concurso.

2. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso se poderá aplicar para superar os exercicios da fase de oposición.

3. As probas selectivas realizaranse de forma territorializada nas comunidades autónomas con traspasos recibidos, tanto se se levan a cabo coas de ingreso xeral coma se se realizan en convocatorias independentes.

Artigo 33. Requisitos de participación.

Para participar nas probas de promoción interna, os funcionarios deberán posuír a titulación académica requirida para o acceso aos corpos ou especialidades de que se trate; ter, o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación, unha antigüidade como funcionario de carreira de cando menos dous anos no corpo de titulación inmediatamente inferior ao corpo a que se pretende acceder; e reunir nesa mesma data os requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso ao corpo, e mantelos ata a data de toma de posesión. Para efectos do cómputo da antigüidade terase en conta a que teñan acreditada no corpo de auxiliares ou axentes da Administración de xustiza ou, se é o caso, na escala de técnicos especialistas ou na escala de auxiliares de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, en función do corpo a que se pretende promover.

Artigo 34. Dereitos dos funcionarios de promoción interna.

Os funcionarios que accedan por promoción interna terán, en todo caso, preferencia sobre os aspirantes que non procedan desta quenda para a elección dos postos de traballo vacantes ofertados. Os non ocupados de forma efectiva polos funcionarios de promoción interna non se considerarán vacantes e proveranse do xeito establecido no artigo 28.3 deste regulamento.

Artigo 35. Permiso retribuído para funcionarios que accedan a outros corpos ao servizo da Administración de xustiza por promoción interna.

Os funcionarios de carreira en servizo activo ou situación asimilada que accedan a un novo corpo polo sistema de promoción interna terán dereito, a partir da toma de posesión, ao permiso retribuído que establece a disposición adicional quinta do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, ou a norma que no futuro puiden substituílo para a Administración xeral do Estado.

Artigo 36. Características das probas.

Nas convocatorias poderase establecer a exención das probas encamiñadas a *acreditar os coñecementos xa exixidos para o acceso ao corpo de orixe*, podendo valorarse os cursos e programas de formación superados.

Artigo 37. Fases do proceso selectivo.

1. A comisión de selección aprobará o temario a que se axustará a fase de oposición e que deberá ser, en

todo caso, inferior no número e/ou extensión dos temas ao exixido para o acceso libre.

2. Establecerá, así mesmo, a graduación das puntuacións e a valoración máxima en conxunto de cada un dos méritos correspondentes aos solicitantes, e que se avaliarán na fase de concurso. Incluirán en todo caso os seguintes aspectos:

a) Historial académico relacionado coas materias ou especialidades propias dos corpos.

b) Historial profesional, que comprenderá os méritos relacionados cos postos de traballo, diplomas, coñecementos informáticos e cursos relacionados coas materias ou especialidades propias dos corpos.

c) Antigüidade.

d) Coñecemento de idiomas estranxeiros.

e) Nos ámbitos territoriais correspondentes a comunidades autónomas con lingua oficial ou dereito propio, puntuarase, así mesmo, o coñecemento destes. A avaliación destes méritos axustarase ao disposto no parágrafo segundo do artigo 8.2 deste regulamento.

3. O baremo correspondente será aprobado polo Ministerio de Xustiza, nos termos establecidos no artigo 10.3 deste regulamento, e será publicado antes da convocatoria.

Artigo 38. Promoción interna para o acceso a diferente especialidade dos corpos especiais do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

1. A promoción interna para o acceso a diferente especialidade do mesmo corpo deberase efectuar, con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, entre funcionarios que desempeñen actividades substancialmente coincidentes ou análogas en contido profesional e no seu nivel académico.

2. A Comisión de Selección establecerá as bases que conterán, entre outros aspectos, os requisitos e mais as probas que se deberán superar. Para participar nelas exixirase, en todo caso, estar en posesión da titulación académica requirida para o acceso á correspondente especialidade, así como tamén os demais requisitos establecidos no artigo 33 deste regulamento.

TÍTULO III**Provisión de postos de traballo****CAPÍTULO I****Disposicións xerais****Artigo 39. Centros de destino.**

1. Entenderase por centro de destino:

a) A Secretaría de Goberno do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e de cada tribunal superior de xustiza, así como a dos órganos xurisdiccionais das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

b) Cada un dos servizos comúns procesuais.

c) O conxunto de unidades procesuais de apoio directo a un determinado órgano xudicial colexiado que radiquen no mesmo municipio.

d) O conxunto de unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais unipersoais, pertencentes á mesma orde xurisdiccional, que radiquen no mesmo municipio. Para estes efectos, considerarase centro de destino o conxunto de unidades procesuais de apoio

directo dos xulgados de primeira instancia e instrución do mesmo municipio.

Entenderase que a orde xurisdiccional civil comprende os xulgados de primeira instancia, xulgados do mercantil e xulgados de familia. Entenderase que a orde xurisdiccional penal comprende os xulgados de instrución, xulgados do penal, xulgados de vixilancia penitenciaria, xulgados de menores e xulgados de violencia sobre a muller.

e) O rexistro civil central e os rexistros civís únicos de cada localidade, onde os houbese.

f) Cada unha das fiscalías ou adscricións de fiscalías con sede no mesmo municipio.

g) Nos institutos de medicina legal, aqueles que a súa norma de creación estableza como tales.

h) No Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, aqueles que a súa norma de creación estableza como tales.

i) A mutualidade xeral xudicial con sede no mesmo municipio.

j) Cada oficina xudicial de apoio a xulgados de paz de máis de 7.000 habitantes ou de menos de 7.000 habitantes, dotados de cadro de funcionarios en razón da súa carga de traballo.

k) O Gabinete Técnico de Información e Documentación do Tribunal Supremo.

2. O xefe ou responsable da unidade ou centro de destino poderá atribuírlles, por necesidades do servizo, a realización de calquera das funcións propias do corpo, para o mellor funcionamento das ditas unidades, aos funcionarios que ocupen con carácter definitivo postos de traballo xenéricos.

Artigo 40. *Formas de provisión.*

1. A provisión dos postos de traballo levarase a cabo polos procedementos de concurso, que será o sistema ordinario, ou de libre designación, de conformidade co que determinen as relacións de postos de traballo e en atención á natureza das funcións que se deban desempeñar.

2. O concurso consiste na comprobación e valoración dos méritos que se poidan alegar, de acordo coas bases da convocatoria e conforme o baremo que se estableza nela.

Atendendo á natureza e funcións dos postos cuxa cobertura se pretende, o concurso poderá ser:

a) Concurso de traslado: por este procedemento cubriranse os postos de traballo xenéricos.

b) Concurso específico: por este procedemento cubriranse os postos de traballo singularizados.

3. Os postos de traballo poderanse cubrir temporalmente mediante adscrición provisional, comisión de servizo ou substitución.

4. Así mesmo, e por razóns organizativas, os postos de traballo xenéricos poderán ser provistos mediante redistribución ou reordenación de efectivos.

Artigo 41. *Competencia.*

Serán competentes, para a provisión dos postos de traballo radicados nos seus respectivos ámbitos territoriais, o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con traspasos recibidos.

Artigo 42. *Bases marco*

1. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con traspasos recibidos acordarán conxuntamente as bases marco das convocatorias de concurso

para a provisión de postos de traballo xenéricos, que se axustarán ao establecido na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e neste regulamento.

2. As bases establecerán, entre outros aspectos, os méritos que se van valorar, así como tamén o número máximo de postos de traballo vacantes e as vacantes por resultas que poden solicitar os concursantes, cando así se prevexa na convocatoria.

CAPÍTULO II

Provisión de postos de traballo mediante concurso

Artigo 43. *Condicións xerais de participación.*

1. Poderán participar nestes concursos os funcionarios, sexa cal for a súa situación administrativa, con excepción dos que estean nalgunha das situacións previstas no punto 2, sempre que reúnan as condicións xerais exixidas e os requisitos determinados na convocatoria na data en que termine o prazo de presentación de instancias, e sempre que os manteñan ata a resolución definitiva do concurso, sen ningunha limitación por razón da localidade de destino.

2. Non poderán tomar parte nos concursos xenéricos, específicos e de libre designación:

a) Os declarados suspensos en firme, mentres dure a suspensión.

b) Os funcionarios que estean en situación de excedencia voluntaria por interese particular, durante o período mínimo obrigatorio de permanencia na devandita situación.

c) Os sancionados con traslado forzoso, ata que transcorran un ou tres anos, para destino na mesma localidade en que se lles impuxo a sanción, segundo se trate de falta grave ou moi grave respectivamente. Os ditos prazos computaranse desde a data de toma de posesión no destino a que fosen trasladados e, no caso de que a sanción non se executase no prazo dun mes desde a notificación da resolución ao interesado, o cómputo comezará para o outro día da finalización do devandito prazo.

Artigo 44. *Convocatoria de concursos para postos xenéricos.*

1. O Ministerio de Xustiza e os órganos correspondentes das comunidades autónomas con traspasos recibidos convocarán, dentro do primeiro trimestre de cada ano natural e na mesma data, concurso de ámbito estatal para a provisión de postos de traballo vacantes en todo o territorio do Estado, que se axustará ás normas establecidas neste regulamento, nas bases marco e mais nas propias convocatorias.

2. As convocatorias faranse públicas no Boletín Oficial del Estado e nos diarios oficiais das comunidades autónomas de xeito simultáneo. Se a dita simultaneidade non fose posible, os termos e prazos establecidos na convocatoria computaranse a partir da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

3. Nos concursos ofertaranse as prazas vacantes que determinen as administracións competentes e as que resulten como consecuencia do propio concurso, sempre que non estea prevista a súa amortización.

4. Na convocatoria para postos de traballo das comunidades autónomas con competencias asumidas cuxa lingua propia teña carácter oficial, valorarase como mérito o seu coñecemento oral e escrito, do xeito establecido no artigo 48 deste regulamento.

Artigo 45. *Órganos competentes.*

A provisión de postos xenéricos vacantes efectuarase mediante concursos de traslados, que serán convocados e resoltoos simultaneamente, nos seus ámbitos respectivos, polo Ministerio de Xustiza e polos órganos correspondentes das comunidades autónomas con traslados recibidos. Nestes concursos poderán participar todos os funcionarios que reúnan os requisitos exixidos, calquera que sexa o territorio en que se encontren destinados.

Artigo 46. *Requisitos e condicións de participación nos concursos para postos xenéricos*

1. Non se poderá tomar parte nun concurso de traslado para a provisión de postos xenéricos ata que non transcorresen dous anos desde que se ditou a resolución pola que se convocou o concurso de traslado en que o funcionario obtivo o seu último destino definitivo, desde o que participa, ou a resolución en que se lle adjudicou destino definitivo, se se trata de funcionarios de novo ingreso.

Para o cómputo dos anos considerarase como primeiro ano o ano natural en que se ditaron as resolucións de que se trate, con independencia da súa data, e como segundo ano, o ano natural seguinte.

2. Os funcionarios que non teñan destino definitivo, obrigados a participar nos concursos de acordo coa normativa vixente, estarán excluídos da limitación temporal prevista no punto anterior.

Artigo 47. *Presentación de solicitudes de participación en concursos para postos xenéricos.*

As solicitudes dirixiránse ao órgano convocante no prazo que se estableza na convocatoria e conterán, en caso de ser varios os postos de traballo solicitados, a orde de preferencia destes.

Artigo 48. *Méritos.*

1. A valoración de méritos para a adjudicación dos postos de traballo farase do seguinte xeito:

a) Antigüidade: polos servizos efectivos no corpo outorgáranse dous puntos por cada ano completo de servizos, computándose proporcionalmente os períodos inferiores por meses ou, se é o caso, por días. Para estes efectos os meses considerarase de trinta días. Por este concepto valorarase como máximo ata 60 puntos.

b) Nas convocatorias para postos de traballo xenéricos das comunidades autónomas cuxa lingua propia teña carácter oficial, valorarase como mérito o seu coñecemento oral e escrito, ata un máximo de 12 puntos, segundo o nivel de coñecementos acreditado mediante as oportunas certificacións, de acordo coa normativa en vigor nas comunidades autónomas que a teñan establecida. Os criterios de valoración dos perfís ou niveis lingüísticos estableceranse nas bases marco e nas propias convocatorias.

c) Ademais dos méritos recollidos nos parágrafos anteriores, as bases da convocatoria poderán incluír, para os corpos especiais ao servizo da Administración de xustiza, ata un máximo de 15 puntos, destinados a valorar as actividades docentes, publicacións, comunicacións e asistencia a congresos que estean directamente relacionados coas funcións propias do posto que se convoque. Neste suposto a puntuación por antigüidade terá un máximo de 45 puntos.

2. No caso de estaren interesados nos postos de traballo que se anuncien para un mesmo municipio, partido xudicial ou provincia dous funcionarios do mesmo ou de distinto corpo, poderán condicionar a súa petición ao feito de que ambos obteñan destino no mesmo municipio, partido xudicial ou provincia, enténdéndose en caso contrario que desisten das peticións condicionadas efectuadas por ambos. Os funcionarios que se acollan a esta petición condicional deberán concretalo na súa instancia e axuntar fotocopia da solicitude do outro funcionario.

3. Os méritos valorarase con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4. En caso de empate acudirase á maior antigüidade no corpo de que se trate e, de persistir o empate, ao número de orde obtido no proceso selectivo de acceso ao devandito corpo, incluíndo o idioma ou dereito propios.

Artigo 49. *Convocatoria de concursos específicos para cubrir postos de traballo singularizados.*

1. Os postos de traballo singularizados que figuren como tales nas relacións de postos de traballo cubrirense mediante convocatoria de concursos específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 56 deste regulamento no que atinxe á provisión de postos polo sistema de libre designación.

2. Nas ditas convocatorias figurará a descrición do posto de traballo, que deberá incluír as especificacións derivadas da natureza da función encomendada a este, e mais a relación das principais tarefas e responsabilidades que o caracterizan. Así mesmo, deberán fixar os méritos específicos adecuados ás características destes postos mediante a delimitación dos coñecementos profesionais, estudos, experiencia necesaria, titulación, se for o caso, e demais condicións que garantan a adecuación para o desempeño do posto.

3. As convocatorias constarán de dúas fases:

a) Na primeira procederase á comprobación e valoración dos méritos xerais conforme o establecido no artigo anterior. A puntuación máxima será de 72 puntos nas comunidades autónomas cuxa lingua propia teña carácter oficial e de 60 puntos no resto do territorio do Estado.

b) Na segunda fase procederase á valoración de aptitudes concretas, a través de coñecementos, experiencia, titulacións académicas e aquel outros elementos que garantan a adecuación do aspirante para o desempeño do posto, sen que se poidan valorar os méritos que xa fosen puntuados na primeira fase. Estas aptitudes valorarase do xeito que se determine na convocatoria sen que, en ningún caso, esta segunda fase poida supoñer máis do 40 por cento (43 puntos nas comunidades autónomas cuxa lingua propia teña carácter oficial, e 40 puntos no resto do territorio) da puntuación máxima total de ambas as fases. Estes méritos específicos serán adecuados ás características de cada posto. Para tal fin, poderase establecer a elaboración de memorias ou a celebración de entrevistas, que deberán especificarse necesariamente na convocatoria.

Se for o caso, a memoria consistirá nunha análise das tarefas do posto e mais dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño a xuízo do candidato, con base na descrición contida na convocatoria.

As entrevistas versarán sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto de acordo co previsto na convocatoria e, se for o caso, sobre a memoria,

podendo estenderse tamén á comprobación dos méritos alegados.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir, na solicitude de participación, as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización das entrevistas.

4. Nas convocatorias para cubrir determinados postos de traballo singularizados das comunidades autónomas cuxa lingua propia teña carácter oficial, esta poderase considerar requisito exixible para o acceso a eles cando da natureza das funcións que se deben desempeñar se derive a devandita exixencia e así se estableza nas relacións de postos de traballo.

5. As convocatorias publicaranse no diario oficial da comunidade autónoma correspondente e, de xeito simultáneo, no Boletín Oficial del Estado. Se a dita simultaneidade non fose posible, os termos e prazos establecidos na convocatoria contaránse en todo caso a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial del Estado ou no diario oficial da comunidade autónoma correspondente, segundo quen sexa o órgano convocante.

6. O prazo de presentación de solicitudes será o que se estableza na convocatoria.

7. Os concursos específicos serán convocados e resolto por cada Administración competente no seu ámbito territorial, procurando que as convocatorias e as súas resolucións non interfiran nos resultados dos concursos convocados polas demais administracións, e poderán participar neles os funcionarios da Administración de xustiza calquera que sexa o ámbito territorial en que estean destinados, sen que rexa ningunha limitación en canto ao tempo para concursar, previsto no artigo 46.1 deste regulamento.

8. A valoración dos méritos específicos deberase efectuar mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión de valoración, debendo desbotarse para estes efectos a máxima e a mínima concedidas ou, se for o caso, unha das que aparezan repetidas como tales. As puntuacións outorgadas en cada epígrafe do baremo, así como a valoración final, deberanse reflectir na acta que se elaborará para o efecto.

9. A proposta de resolución deberá recaer no candidato que obtivese maior puntuación, unha vez sumados os resultados finais das dúas fases, e, en caso de empate, no candidato con maior antigüidade no corpo.

Artigo 50. *Comisións de valoración.*

1. As comisións de valoración para concursos de postos de traballo singularizados estarán constituídas por catro membros en representación da Administración convocante e designados por ela, dos cales polo menos un será funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

As organizacións sindicais máis representativas no ámbito correspondente participarán na comisión de valoración, nun número inferior ao dos designados por proposta da Administración.

2. Todos os membros destas comisións deberán pertencer a corpos para o ingreso nos cales se exixa igual ou superior titulación a aquel o que estea adscrito o posto convocado.

3. Os presidentes e secretarios serán nomeados pola autoridade convocante entre os membros designados pola Administración.

4. As comisións de valoración poderán solicitar da autoridade convocante a designación de expertos que,

en calidade de asesores, actuarán con voz pero sen voto.

Artigo 51. *Resolución.*

1. A adxudicación dos postos de traballo realizárase velando, tanto o Ministerio de Xustiza coma os órganos competentes das comunidades autónomas con competencias asumidas, por garantir un criterio uniforme de valoración e para que non se poida obter máis dun único posto de traballo e nun mesmo corpo.

2. O prazo máximo para a resolución de concursos para cubrir postos xenéricos será de seis meses, que se contarán desde o día seguinte ao da finalización de presentación de solicitudes.

3. O prazo para a resolución de concursos específicos para a provisión de postos singularizados será de tres meses, contados desde o día seguinte ao de finalización da presentación de solicitudes, salvo que a propia convocatoria estableza outro distinto, que nunca poderá ser superior a seis meses.

4. A resolución dos concursos xenéricos e específicos, que se publicará no diario oficial da comunidade autónoma correspondente e mais no Boletín Oficial del Estado, motivarase con referencia ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria. En todo caso deberán quedar acreditadas no procedemento, como fundamentos da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido e a valoración final dos méritos dos candidatos.

Artigo 52. *Toma de posesión*

1. O prazo de toma de posesión nos concursos xenéricos e específicos será de tres días se non implica cambio de localidade do funcionario; de oito días se implica cambio de localidade dentro da comunidade autónoma; e de vinte días se implica cambio de comunidade autónoma, con excepción da Comunidade Autónoma de Canarias, da Comunidade Autónoma das Illes Balears, da Cidade de Ceuta e da Cidade de Melilla, en que será dun mes tanto se o posto de traballo nas illas ou nas cidades é o de orixe coma se é o de destino. Cando o adxudicatario da praza obteña coa súa toma de posesión o reingreso no servizo activo o prazo será de vinte días. Nos prazos indicados por días consideraranse en todo caso naturais.

O prazo de toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá efectuar dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial del Estado ou no diario oficial das comunidades autónomas correspondentes con competencias asumidas. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberase computar desde a dita publicación.

O Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, as comunidades autónomas con traspasos recibidos poderán diferir o cesamento, por necesidades do servizo, ata un máximo de vinte días hábiles, do cal lle deberán dar comunicación ao órgano convocante.

2. O cómputo dos prazos posesorios iniciarase cando finalicen os permisos ou licenzas, incluídos os de vacacións, que lles fosen concedidos aos interesados.

3. Logo de efectuada a toma de posesión, o prazo posesorio considerarase como de servizo activo para todos os efectos, excepto nos supostos de reingreso desde a situación de excedencia voluntaria.

4. O prazo de posesión será retribuído pola Administración competente no ámbito territorial do posto obtido por concurso.

5. Os interesados non poderán tomar posesión máis ca nun único destino e nun mesmo corpo.

Artigo 53. *Destinos.*

1. Os destinos adxudicados serán irrenunciabes. Porén, aqueles funcionarios que obtivesen un posto de traballo por concurso específico poderán renunciar a el se antes de finalizar o prazo de toma de posesión obtivesen outro destino mediante convocatoria pública, quedando o interesado obrigado, neste caso, a comunicarllo ao órgano convocante. De incumprir este deber de comunicación, o funcionario deberá tomar posesión no primeiro dos destinos adxudicados.

2. Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario e, daquela, non xerarán dereito ao aboamento de indemnización por ningún tipo de concepto.

Artigo 54. *Renuncia a postos de traballo obtidos por concurso específico.*

1. Os titulares dun posto de traballo singularizado poderán renunciar a el mediante solicitude razoada, na cal farán constar os motivos profesionais ou persoais para tal renuncia, e sempre que xa desempeñasen o citado posto cando menos durante un ano.

2. Aos funcionarios que renunciasesen a un posto de traballo obtido en concurso específico atribuíráselles o desempeño provisional dun posto correspondente ao seu corpo ou escala no mesmo municipio, entremontes non obteñan outro con carácter definitivo, con efectos do día seguinte ao da data de aceptación da renuncia; estes funcionarios gozarán de dereito preferente para ocupar, a primeira vez que se anuncie a concurso, postos de traballo xenéricos na mesma localidade onde servían cando se produciu o seu cesamento, debendo solicitar todos os postos de traballo que se convoquen naquela. De non participaren no dito concurso adxudicáraselles con carácter definitivo calquera dos postos non adxudicados.

Artigo 55. *Permutas.*

En ningún caso serán autorizadas as permutas.

CAPÍTULO III

Libre designación

Artigo 56. *Procedemento de libre designación.*

1. Poderanse prover por este sistema os postos directivos e aqueles para os cales, pola súa especial responsabilidade e dedicación, así se estableza nas relacións de postos de traballo.

2. Será preceptiva, en todo caso, a publicación da convocatoria pública no diario oficial da comunidade autónoma con competencias asumidas e máis no Boletín Oficial del Estado, con indicación da denominación do posto, da localización e da retribución, así como, se é o caso, dos requisitos mínimos exixibles. De non se poder publicar simultaneamente, os termos e prazos establecidos na convocatoria contaránse en todo caso a partir da publicación no Boletín Oficial del Estado.

3. No procedemento de libre designación, o órgano competente apreciará a idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos exixidos para o desempeño do posto.

Artigo 57. *Convocatoria.*

Correspóndelle ao Ministerio de Xustiza ou aos órganos correspondentes das comunidades autónomas con traspasos recibidos, e no ámbito do seu respectivo territorio, a convocatoria pública para cubrir postos de traballo polo procedemento de libre designación, na cal, ademais da descrición do posto e dos requisitos para o seu desempeño, contidos na relación de postos de traballo, tamén se poderán recoller as especificacións derivadas da natureza das funcións que teña encomendadas.

Artigo 58. *Solicitudes.*

As solicitudes dirixiranse ao órgano convocante no prazo establecido na convocatoria.

Artigo 59. *Informes.*

O nomeamento requirirá o informe previo do responsable de quen dependa o posto de traballo nas relacións de postos de traballo.

Artigo 60. *Nomeamentos.*

1. Os nomeamentos deberanse efectuar no prazo máximo de dous meses que se contarán desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, unha vez apreciada a idoneidade dos candidatos. O dito prazo poderase prorrogar, excepcionalmente, ata un mes máis.

2. As resolucións de nomeamento motivaranse facendo referencia ao cumprimento, por parte do candidato elixido, dos requisitos e especificacións exixidos na convocatoria, así como á competencia para proceder ao devandito nomeamento.

Artigo 61. *Toma de posesión.*

O réxime de posesión do novo destino será o establecido no artigo 52 deste regulamento.

Artigo 62. *Cesamento.*

1. Os funcionarios nomeados para postos de traballo de libre designación poderán cesar con carácter discrecional, mediante unha resolución en que a motivación se referirá exclusivamente á competencia para adoptala. Tamén poderán renunciar aos devanditos postos de traballo, mediante unha solicitude razoada na cal farán constar os motivos profesionais ou persoais para esta renuncia, e sempre que desempeñasen o citado posto polo menos durante un ano.

2. Os funcionarios que cesasen nun posto de libre designación ou que renunciasesen a el serán adscritos provisionalmente, entremontes non obteñan outro posto con carácter definitivo, a un correspondente ao seu corpo, dentro do mesmo municipio e con efectos do día seguinte ao da resolución do cesamento ou da aceptación da renuncia.

3. Os funcionarios que cesasen nun posto de libre designación ou que renunciasesen a el gozarán de dereito preferente para ocupar, a primeira vez que se anuncien a concurso, postos de traballo xenéricos na mesma localidade onde servían cando se produciu o seu cesamento, debendo solicitar todos os postos de traballo que se convoquen naquela. De non participaren no dito concurso, ou de non obteren ningún dos solicitados, adxudicáraselles con carácter definitivo calquera dos postos non adxudicados.

CAPÍTULO IV

Outras formas de provisión**Artigo 63. *Traslado por causa de violencia sobre a muller funcionaria***

1. A funcionaria vítima de violencia sobre a muller que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito preferente a ocupar outro posto de traballo propio do seu corpo ou escala e de análogas características, que estea vacante e cuxa provisión sexa necesaria.

2. En tal suposto, o Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, os órganos correspondentes das comunidades autónomas con competencias asumidas estarán obrigados a comunicarlle as vacantes de necesaria provisión radicadas na mesma localidade ou nas localidades que a interesada expresamente solicite.

3. O traslado terá unha duración inicial de seis meses, durante os cales a Administración ten a obriga de reservar o posto de traballo que anteriormente ocupaba a funcionaria, que pasará a desempeñar o novo posto de traballo en comisión de servizo. Unha vez transcorrido o dito período, a funcionaria deberá optar ou ben polo posto de traballo de orixe ou ben por permanecer con carácter definitivo no posto que viñese ocupando en comisión de servizo.

Artigo 64. *Regras xerais que rexerán as modificacións das relacións de postos de traballo.*

En todo caso, as modificacións que se produzan das relacións de postos de traballo deberán ter en conta os principios contidos na Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para a redistribución e reordenación de efectivos e, en concreto, as seguintes regras:

a) As administracións competentes elaborarán un plan de recursos humanos, que será negociado coas organizacións sindicais máis representativas.

b) Deberase respectar a denominación, retribucións e demais características dos postos afectados, e en ningún caso supoñerán cambio de municipio para o persoal.

c) En todo caso respectaranse as dotacións mínimas que para as unidades procesuais de apoio directo se establecesen.

d) Requirirase informe previo do Consello Xeral do Poder Xudicial e para a súa efectividade será preceptiva a comunicación previa ao Ministerio de Xustiza.

Artigo 65. *Redistribución de efectivos.*

1. Os órganos competentes do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con traspasos recibidos, por propia iniciativa ou por proposta do xefe ou responsable do centro de destino, poderán decidir a adscrición, por necesidades do servizo, dos funcionarios que ocupen con carácter definitivo postos xenéricos a outros de igual natureza do mesmo centro de destino, con iguais complemento xeral do posto e complemento específico.

No caso de que afectase varios funcionarios, a adscrición recaerá naqueles con menor antigüidade no centro de destino.

2. A redistribución só afectará os postos non singularizados da oficina xudicial.

3. A redistribución tamén poderá afectar os postos de traballo de unidades suprimidas da oficina xudicial, como consecuencia da modificación das estruturas orgánicas.

4. O posto de traballo a que se acceda a través da redistribución terá carácter forzoso e definitivo, e iniciárase o cómputo do tempo mínimo de permanencia para poder concursar desde a data da resolución pola que se accedeu con carácter definitivo a ese mesmo centro de destino cando se trate de funcionarios de novo ingreso, ou desde a data da resolución da convocatoria, conforme o disposto no artigo 46.1 deste regulamento.

Artigo 66. *Reordenación de efectivos.*

1. A reordenación aplicarase para os postos de traballo entre diferentes oficinas ou centros de destino.

2. Por razóns organizativas e a través das correspondentes modificacións das relacións de postos de traballo, os postos de traballo xenéricos, e os seus titulares, poderán ser adscritos a outros centros de destino.

3. Este proceso de mobilidade realizarase con base nun proxecto presentado polas administracións competentes, e negociado coas organizacións sindicais máis representativas, mediante procedementos de mobilidade voluntaria. O devandito proxecto deberá conter, de seren necesarios, plans de formación relativos ao contido substancial das funcións correspondentes aos postos de traballo.

4. Para os efectos de determinar o posto afectado pola reordenación, cando exista máis dun da mesma natureza, aplicarase o criterio de voluntariedade por parte dos funcionarios que o desempeñen e, de haber varios interesados, o de maior antigüidade no centro de destino, e, en caso de empate, o de maior antigüidade no corpo.

5. O posto de traballo a que se acceda a través de reordenación terá carácter definitivo, e iniciárase o cómputo do tempo mínimo de permanencia para poder concursar desde a data da resolución pola cal se accedeu por primeira vez con carácter definitivo ao centro de destino de que procedían cando se trate de funcionarios de novo ingreso, ou desde a data da resolución da convocatoria, conforme o disposto no artigo 46.1 deste regulamento.

Artigo 67. *Reasignación forzosa.*

1. Os postos ou prazas que non sexan cubertos mediante a reordenación de efectivos serán posteriormente asignados mediante un proceso de reasignación forzosa. Este aplicaráselles entre centros de destino diferentes, dentro do mesmo municipio, aos funcionarios afectados por un proceso de reordenación que non obtivesen un posto a través dos procesos de mobilidade voluntaria. Con todo, neste suposto ofreceráselles os postos non asignados nas fases anteriores aos funcionarios afectados e adxudicaráselles segundo a orde de prelación que se estableza consonte o disposto no artigo 66 deste regulamento. No caso de empate resolverase por antigüidade no corpo de que se trate.

2. A adscrición ao posto de traballo adxudicado terá carácter obrigatorio e definitivo.

3. O Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, as comunidades autónomas con traspasos recibidos poderán reasignar o funcionario a un posto de traballo doutro centro de destino, de similares características e de polo menos iguais retribucións ca o posto de traballo de orixe.

4. Entremetres non sexa reasignado a un posto de traballo, o funcionario continuará percibindo as retribucións do posto de traballo suprimido que desempeñaba, aínda que se lle poderá encomendar a realización de tarefas adecuadas ao seu corpo ou escala de perenza.

5. Os funcionarios afectados por unha reasignación forzosa estarán exentos da obriga de permanencia mínima no posto de traballo sinalada no artigo 46.1, e gozarán de preferencia para obter un posto de traballo no seu centro de destino de orixe no primeiro concurso de postos xenéricos en que se oferten prazas do dito centro.

Artigo 68. *Adscrición provisional.*

Os postos de traballo poderanse prover por medio de adscrición provisional unicamente nos seguintes supostos:

- a) Por cesamento ou renuncia nun posto de traballo obtido por concurso específico ou libre designación, consonte o disposto neste regulamento.
- b) Por non existiren, para os funcionarios de novo ingreso, postos de traballo que non fosen previamente ofertados en concurso de traslados.
- c) Por reingreso ao servizo activo, con carácter excepcional, dos funcionarios sen reserva de posto de traballo.
- d) Por reingreso dos funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa que cesasen como secretarios substitutos.
- e) Por reingreso dos declarados en situación de suspensión definitiva.
- f) Por reingreso dos rehabilitados a que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 76 deste regulamento.

Artigo 69. *Reingreso ao servizo activo.*

1. O reingreso ao servizo activo dos funcionarios que non teñan reserva de posto de traballo producirase mediante a participación nos procedementos de concurso xeral ou específico ou mediante a adxudicación dun posto polo sistema de libre designación.

2. Procederá, así mesmo, o reingreso ao servizo activo, con carácter provisional, mediante a adscrición a unha praza vacante, para cuxa ocupación reúna o funcionario os requisitos exixidos nas relacións de postos de traballo.

Para tal efecto, o funcionario excedente deberalle solicitar a devandita adscrición ao Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, aos órganos correspondentes das comunidades autónomas con traspasos recibidos, se o último destino cando se produciu o seu cesamento no servizo activo se encontraba no ámbito territorial xestionado por estes.

Se o reingreso por adscrición provisional lle correspondese a unha comunidade autónoma con traspasos recibidos, os seus órganos competentes daranlle traslado da correspondente resolución ao Ministerio de Xustiza para o seu coñecemento e para constancia no Rexistro Central de Persoal.

3. O reingreso por adscrición provisional, que terá carácter excepcional, estará en todo caso condicionado ás necesidades do servizo e o funcionario adscrito quedará obrigado, para obter destino definitivo, a participar no primeiro concurso xenérico que se convoque para a provisión de postos de traballo e a solicitar todas as prazas correspondentes ao seu corpo da provincia onde estea adscrito e, entre outros, o posto que ocupa provisionalmente.

4. De non obter destino definitivo, será novamente adscrito de forma provisional a un posto de traballo vacante de calquera oficina xudicial ou centro de destino situados na provincia ou na área territorial en que se agrupasen as vacantes para efecto de concurso.

5. De non participar no primeiro concurso convocado con posterioridade á adscrición provisional, pasará á situación de excedencia voluntaria por interese particular.

6. Se non obtivese destino definitivo no seguinte concurso, adxudicaráselle de forma definitiva calquera dos postos de traballo que resulten vacantes no devandito concurso en calquera ámbito territorial.

Artigo 70. *Reingreso dos funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa que cesasen como secretarios substitutos*

1. Os funcionarios do corpo de xestión procesual e administrativa que cesasen como secretarios substitutos deberán solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo de dez días desde o seu cesamento e, en tal caso, o Ministerio de Xustiza ou o órgano competente da comunidade autónoma con traspasos recibidos incorporaraos ao servizo activo desde a data da súa solicitude, adscribíndoos con carácter provisional a un posto do seu corpo no mesmo municipio onde servían antes do seu nomeamento como secretarios substitutos. Na devandita adscrición provisional garantiráselles a percepción de similares retribucións que as dun posto de traballo xenérico do corpo de xestión procesual e administrativa en tal municipio.

2. Se no prazo previsto na alínea anterior o interesado non formulase solicitude de reingreso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos desde a data do cesamento como secretario substituto.

3. A primeira vez que se anuncien a concurso postos de traballo xenéricos na localidade onde estean adscritos, gozarán de dereito preferente para ocupalos. De non participaren no dito concurso ou non solicitaren todas as prazas vacantes da referida localidade, serán destinados con carácter definitivo a calquera dos postos non adxudicados. Se non puidesen chegar a ocupar tales postos de traballo por concorreren a eles con outros funcionarios tamén con dereito preferente aos cales lles fosen adxudicados, continuarán en situación de adscrición provisional entremetres non se lles poida adxudicar un posto de traballo definitivo en virtude da súa participación nos sucesivos concursos e da solicitude deles de todas as prazas vacantes na localidade de adscrición.

Artigo 71. *Reingreso dos declarados en situación de suspensión definitiva.*

1. Os declarados en situación de suspensión definitiva que perdesen o seu posto de traballo deberán solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo de dez días desde a finalización do período de suspensión e, en tal caso, o Ministerio de Xustiza ou o órgano competente da comunidade autónoma con traspasos recibidos incorporaraos ao servizo activo adscribíndoos con carácter provisional a un posto do seu corpo, cando as necesidades do servizo así o permitan.

2. A solicitude de reingreso irá acompañada da resolución xudicial que declare o cumprimento da sanción imposta ou a súa extinción por outras causas. Se a sanción se impuxo por resolución administrativa, deberá presentarse unha copia desta.

3. Se, no prazo previsto na alínea 1, o interesado non formulase unha solicitude de reingreso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos desde a data en que finalizase o período de suspensión.

4. Os funcionarios suspensos que fosen adscritos con carácter provisional deberán participar no primeiro concurso de traslado que se convoque, co obxecto de obter un posto de traballo. De non participaren neste concurso ou non obtengan o posto de traballo solicitado, destinaranse, se for o caso, con carácter definitivo a calquera dos non adxudicados aos outros concursantes, dentro do ámbito territorial correspondente en que estean adscritos.

Artigo 72. *Reingreso dos rehabilitados.*

1. O funcionario repostado na súa condición de tal en virtude de rehabilitación pola causa establecida no artigo 76.1 deste regulamento deberá solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo de dez días a partir da notificación da resolución de rehabilitación e, en tal caso, o Ministerio de Xustiza ou a comunidade autónoma con traspasos recibidos incorporaráo con carácter definitivo á primeira vacante do seu corpo que se produza na localidade en que se atopaba destinado cando se produciu a incapacidade permanente para o servizo. De non existir vacante na dita localidade, adxudicaráselle destino na máis próxima a ela.

2. O funcionario repostado na súa condición de tal en virtude de rehabilitación polas causas establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 76 deste regulamento deberá solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo de dez días a partir da notificación da rehabilitación e, en tal caso, o Ministerio de Xustiza ou a comunidade autónoma con traspasos recibidos poderá incorporalo ao servizo activo adscribíndoo con carácter provisional a un posto do seu corpo, cando as necesidades do servizo o permitan.

3. Se no prazo previsto nos parágrafos anteriores o interesado non formulase solicitude de reingreso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos desde a data da resolución de rehabilitación.

4. O funcionario rehabilitado adscrito provisionalmente a que se refire a alínea 2 deberá participar no primeiro concurso de traslado que se convoque, co obxecto de obter un posto de traballo. De non participar neste concurso ou de non obter o posto de traballo solicitado, será destinado, se for o caso, con carácter definitivo a calquera dos non adxudicados aos outros concursantes, en calquera ámbito territorial.

Artigo 73. *Comisións de servizo.*

1. Sen prexuízo da posibilidade de nomeamento de funcionarios interinos por razóns de urxencia ou necesidade, cando un posto de traballo quede vacante poderá ser cuberto, mediante o outorgamento de comisión de servizo, cun funcionario que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño na relación de postos de traballo.

Os funcionarios que estean en comisión de servizo conservarán o seu posto de orixe e terán dereito ás retribucións complementarias do posto que desempeñen.

2. Poderá conferirlas o Ministerio de Xustiza ou, se é o caso, o órgano correspondente da comunidade autónoma con traspasos recibidos, para prestar servizos nas oficinas xudiciais, fiscalías e servizos comúns da Administración de xustiza, ou en departamentos ou órganos relacionados coa Administración de xustiza.

3. As comisións de servizo terán unha duración máxima dun ano, prorrogable por outro, en caso de que non se cubrise o posto con carácter definitivo. Será requisito necesario para o seu outorgamento o preva-lente interese do servizo. Para a súa concesión, a Administración xestora deberalles solicitar a emisión dun informe aos responsables da unidade ou do centro de destino a que pertencen as prazas afectadas pola comisión de servizo. Soamente se poderá outorgar comisión de servizo cando non sexa posible atender as funcións por outros medios ordinarios ou extraordinarios de provisión de postos de traballo previstos neste regulamento, e en caso de urxente e inaprazable necesidade. O posto vacante cuberto temporalmente en comisión de servizo será incluído, polo sistema que corresponda, na seguinte convocatoria para a súa provisión definitiva.

4. Poderánselles conceder aos funcionarios comisións de servizo en todo o territorio do Estado, independentemente do lugar de destino de calquera deles. No entanto, cando se concedan comisións de servizo que impliquen o traslado temporal do funcionario a un territorio dunha Administración distinta a aquela de que dependa, requirirase a aprobación de ambas as administracións.

5. Tamén se poderá conceder comisión de servizo sen exoneración de funcións; neste caso o funcionario continuará no seu posto de orixe, polo que percibirá as súas retribucións, sen prexuízo das gratificacións que se poidan establecer polo desempeño conxunto doutra función e das indemnizacións que por razón do servizo lle correspondan, se for o caso.

Artigo 74. *Substitucións.*

1. Os postos de traballo que estean vacantes, ou cuxo titular estea ausente por mor de licenzas ou permisos de longa duración, con carácter excepcional e sempre que o Ministerio de Xustiza e os órganos correspondentes das comunidades autónomas con traspasos recibidos non consideren que se teñan que cubrir con funcionarios interinos, poderán ser cubertos de xeito temporal por funcionarios titulares mediante substitución.

2. Non procederán as substitucións nos casos de permisos, de vacacións e daquelas licenzas que non sexan de longa duración, mais procurarase que as necesidades do servizo queden debidamente atendidas durante as ditas ausencias.

3. Para ser nomeado substituto nun corpo inmediatamente superior, deberanse reunir os requisitos establecidos na relación de postos de traballo para o desempeño do posto de que se trate.

4. Terá preferencia para realizar a substitución o funcionario destinado dentro do mesmo centro de destino. Se houberse máis dun funcionario interesado que reunise os requisitos establecidos para o desempeño do posto, terá preferencia o que teña maior tempo de servizos prestados no centro de destino atendendo, se for o caso, á orde xurisdiccional, e, de existir empate, o que teña maior antigüidade no corpo.

5. En todos os casos, para os postos de traballo singularizados e para os postos de traballo xenéricos de distintos centros de destino se se trata dunha substitución dun posto de traballo dentro do seu mesmo corpo ou do de titulación inmediata superior, conservarán o seu posto de orixe e terán dereito ás retribucións complementarias do posto que desempeñen por substitución.

6. O posto de traballo que deixa temporalmente vacante o funcionario substituto non poderá ser ocupado por outro substituto.

7. O funcionario substituto cesará cando se incorpore o titular do posto ou finalice a causa que motivou a substitución.

Artigo 75. *Substitución nas secretarías de xulgados e agrupacións de xulgados de paz.*

1. Nas secretarías das oficinas xudiciais das agrupacións de secretarías de xulgados de paz, de xulgados de paz de máis de 7.000 habitantes e de xulgados de paz de menos de 7.000 habitantes cuxa carga de traballo xustifique o seu establecemento, nos casos de vacante, permisos, vacacións ou licenzas, as substitucións realizaranse consonte a seguinte orde:

a) Funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa, se o houber, do mesmo centro de destino.

b) Funcionario do corpo de tramitación procesual e administrativa, sempre que reúna os requisitos establecidos para o posto de traballo e non haxa funcionario do corpo de xestión procesual e administrativa.

2. Cando non sexa posible a substitución nos termos establecidos no punto anterior, poderánselles conferir comisións de servizo sen exoneración de funcións, e polo tempo indispensable, aos titulares doutra secretaría de xulgados ou agrupacións de secretarías das localidades máis próximas.

TÍTULO IV

Rehabilitación

Artigo 76. *Supostos de rehabilitación.*

Poderán ser rehabilitados:

1. Os funcionarios que perdesen a condición de tales como consecuencia da incapacidade permanente para o servizo, unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou.

2. Os funcionarios que perdesen a condición de tales como consecuencia da perda da nacionalidade española, unha vez recuperada esta ou adquirida outra que permita a rehabilitación.

3. Os que perdesen a condición de funcionario como consecuencia da imposición con carácter firme de inhabilitación absoluta ou especial como pena principal ou accesoria ou por mor de condena a pena privativa de liberdade superior a tres anos, por razón de delito doloso, unha vez extinguidas as súas responsabilidades civís e penais e, se for o caso, cancelados os antecedentes penais. Así mesmo poderán ser rehabilitados os funcionarios que fosen separados do servizo como consecuencia de sanción disciplinaria.

Artigo 77. *Órgano competente.*

Será órgano competente para resolver os expedientes de rehabilitación nos supostos sinalados no artigo anterior o ministro de Xustiza, e corresponderalle a súa instrución á Secretaría de Estado de Xustiza a través do titular da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

Artigo 78. *Iniciación.*

1. O procedemento iniciarase mediante solicitude do interesado dirixida ao ministro de Xustiza, na cal se farán constar os seguintes datos:

a) Causa e data da perda da condición de funcionario.

b) Posto de traballo que ocupaba no momento da expresada perda, con identificación da unidade de dependencia, do municipio e da provincia de destino, ou da situación administrativa en que se atopase, no caso de que esta non fose de servizo activo.

c) Suposto de rehabilitación a que se pretenda acoller.

d) Calquera outra circunstancia ou información que considere procedente alegar.

2. Os que recuperasen a nacionalidade española ou adquirisen outra nacionalidade que permita o acceso ao corpo ou escala a que pertenceron deberán presentar unha certificación literal de nacemento expedida polo Rexistro Civil en que conste a recuperación da nacionalidade.

3. No suposto de rehabilitación por desaparición da causa que motivou a xubilación por incapacidade permanente, o interesado deberá solicitar que o equipo de valoración de incapacidades do Instituto Nacional da Seguridade Social ou o órgano médico equivalente da comunidade autónoma na provincia en que o interesado teña o seu domicilio lle efectúe o correspondente recoñecemento médico, podendo xuntarlle á instancia canta documentación relativa ao seu historial ou situación médica ache conveniente.

4. Os que perdesen a condición de funcionarios como consecuencia de seren condenados a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial, ou por mor de delito doloso, deberán acreditar, ademais dos datos indicados no punto 1, a extinción da responsabilidade penal e civil, e que foron cancelados os antecedentes no Rexistro Central de Penados e Rebeldes.

5. Os funcionarios a que se refire a alínea anterior e aqueles que fosen separados do servizo como consecuencia de sanción disciplinaria non poderán solicitar a apertura do expediente de rehabilitación antes de que transcorresen dous anos desde a firmeza do acordo de separación.

Artigo 79. *Instrución.*

1. O órgano instrutor do procedemento comprobará o cumprimento dos requisitos que facultan o interesado para solicitar a rehabilitación e, no caso de que aqueles non estivesen suficientemente acreditados, requirirao para que no prazo máximo de dez días presente os documentos e as xustificacións correspondentes.

2. No suposto de rehabilitación por desaparición da causa que motivou a xubilación por incapacidade permanente, o órgano instrutor do procedemento dirixirase á unidade competente da Administración xeral do Estado ou da comunidade autónoma, para os efectos de que a dita unidade ordene o recoñecemento médico do funcionario e emita un novo ditame médico que, se for o caso, sirva de base para declarar a súa rehabilitación; e procederase ata a fase de elaboración da proposta de resolución de acordo cos trámites establecidos para a instrución do procedemento de xubilación por incapacidade.

Artigo 80. *Criterios para a formulación da proposta de resolución.*

1. Nos supostos de cambio de nacionalidade e de xubilación por incapacidade permanente para o servizo, a acreditación suficiente das causas obxectivas que posibilitan a rehabilitación será determinante para que

o órgano competente para a tramitación do procedemento formule unha proposta de resolución acollidora da solicitude do interesado.

2. Para a resolución do procedemento de rehabilitación daqueles que perdesen a súa condición de funcionario como consecuencia de seren condenados a pena principal ou accesoria de inhabilitación, por delito doloso, ou por seren separados como consecuencia de sanción disciplinaria, teranse en conta os seguintes criterios orientadores:

a) Antecedentes penais previos e posteriores á perda da condición de funcionario.

b) Dano ou prexuízo para o servizo público derivado da comisión do delito ou da falta.

c) Relación do feito delituoso co desempeño do cargo funcional.

d) Gravidade dos feitos e, se for o caso, duración da condena.

e) Tempo transcorrido desde a comisión do delito ou da falta.

f) Calquera outro que permita apreciar obxectivamente a incidencia do delito ou falta cometidos sobre a futura ocupación dun posto de funcionario da Administración de xustiza.

3. A instancia, xunto cos antecedentes que consten no Ministerio, remitiráselle ao Consello Xeral do Poder Xudicial para que emita o oportuno informe, que será preceptivo, sobre as circunstancias que puidesen concorrer no peticionario e que teñan relación co servizo e funcionamento da Administración de xustiza. O informe remitirallo ao Ministerio de Xustiza para a resolución que proceda.

4. Se o funcionario que pretenda a rehabilitación tivese como último destino calquera dos radicados no territorio dunha comunidade autónoma con traspasos recibidos, solicitarase, con carácter previo ao informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, un informe do órgano competente da comunidade autónoma.

5. Unha vez formulada a proposta de resolución tendo en conta os criterios sinalados neste artigo, a Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza daralle ao interesado vista do expediente instruído, con inclusión da proposta de resolución formulada, para que no prazo máximo de quince días presente as alegacións que ache oportunas, debidamente xustificadas.

Artigo 81. *Terminación.*

1. Logo de cumprido o trámite anterior, o órgano instrutor elevaralle a proposta de resolución do expediente ao ministro de Xustiza para a súa resolución.

2. O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución será de seis meses. De transcorrer o dito prazo sen que se notificase unha resolución expresa, o interesado estará lexitimado para entender acollida a súa solicitude, sen prexuízo da obriga de que dite unha resolución expresa o ministro de Xustiza.

3. A resolución ditada polo ministro de Xustiza seralle notificada ao interesado. Nos casos en que a resolución do procedemento de rehabilitación sexa denegatoria e mais nos supostos de rehabilitación dos que fosen condenados a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial, por mor de delito doloso, ou que fosen separados do servizo por sanción disciplinaria, a devandita resolución terá que ser motivada, de acordo co disposto no artigo 54.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A resolución adoptada ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo.

5. Se a resolución adoptada fose desestimatoria da solicitude, o interesado non poderá solicitar de novo a rehabilitación ata que non varíen as circunstancias e requisitos exixidos e, en todo caso, no suposto de condenas a penas de inhabilitación ou como consecuencia de separación do servizo por sanción disciplinaria, ata o transcurso de dous anos desde a resolución desestimatoria.

6. O período transcorrido entre a perda da condición de funcionario e a rehabilitación non será computable para efectos do recoñecemento e cálculo dunha pensión posterior, calquera que fose a súa causa. Tampouco será computable para efectos dos ascensos, trienios e dereitos pasivos que lle poidan corresponder segundo o réxime de Seguridade Social que lle sexa aplicable ao funcionario.

MINISTERIO DA VIVENDA

21437 *ORDE VIV/4080/2005, do 13 de outubro, pola que se declaran os ámbitos territoriais de prezo máximo superior, para o programa 2005, para os efectos do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda. («BOE» 311, do 29-12-2005.)*

O Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, define no artigo 2.12 os ámbitos territoriais de prezo máximo superior como aquelas zonas que sexan así declaradas mediante orde de titular do Ministerio de Vivenda, por proposta das comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla, en consideración á existencia de especiais dificultades de acceso á vivenda, como consecuencia dos seus elevados prezos medios comparativos cos de venda das vivendas libres. Poden integrar diversos municipios, ou ben municipios illados ou, mesmo, ámbitos intraurbanos dun municipio.

Nos devanditos ámbitos territoriais, o prezo máximo de venda das vivendas obxecto das axudas financeiras previstas no devandito real decreto poderase incrementar en relación cos prezos máximos establecidos con carácter xeral.

A disposición adicional primeira do referido Real decreto 801/2005 determinou a contía do prezo básico nacional.

Pola súa parte, o artigo 6.2 do Real decreto 801/2005 establece que as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla poderán fixar, a partir do prezo básico nacional, segundo a súa propia normativa, as contías máximas dos prezos de venda e de renda das vivendas acollidas ao real decreto citado, por debaixo ou por riba do mencionado prezo básico, para cada unha das zonas, localidades, ou mesmo ámbitos intraurbanos que correspondan, e que as contías máximas dos prezos fixados non poderán superar as establecidas para cada suposto no mencionado real decreto.

Así mesmo, o artigo 6.4 do real decreto establece que a declaración de novos ámbitos territoriais como de prezo máximo superior, ou de modificación dos existentes, se realizará mediante orde do titular do Ministerio de